

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE FRANCÉS

Curso 2023/2024
EOI de Viveiro Luz Pozo Garza

Índice

| | |
|---|----|
| 1.1. MARCO LEGAL | 8 |
| 1.2. CONTEXTO EDUCATIVO | 8 |
| 1.3. OBXECTIVOS XERAIS | 9 |
| 2. NIVEL A1 | 10 |
| 2.1. Obxectivos xerais | 10 |
| 2.2. Obxectivos específicos | 11 |
| 2.2.1. Comprensión de textos orais | 11 |
| 2.2.2. Producción e coproducción de textos orais | 11 |
| 2.2.3. Comprensión de textos escritos | 12 |
| 2.2.4. Producción e coproducción de textos escritos | 12 |
| 2.2.5. Actividades de mediación | 13 |
| 2.3. Competencias e contidos | 13 |
| 2.3.1. Socioculturais e sociolingüísticos | 13 |
| 2.3.2. Estratéxicos | 13 |
| 2.3.3. Funcionais | 14 |
| 2.3.4. Discursivos | 15 |
| 2.3.5. Sintácticos | 16 |
| 2.3.6. Léxicos | 17 |
| 2.3.7. Fonético- fonolóxicos e ortotipográficos | 17 |
| 2.4. Temporalización | 18 |
| 2.5. Criterios de avaliación | 21 |
| 2.5.1. Actividades de comprensión de textos orais | 21 |
| 2.5.2. Actividades de produción e coproducción de textos orais | 22 |
| 2.5.3. Actividades de comprensión de textos escritos | 22 |
| 2.5.4. Actividades de produción e coproducción de textos escritos | 23 |
| 2.5.5. Actividades de mediación | 23 |
| 3. Nivel A2 | 23 |
| 3.1. OBXECTIVOS XERAIS | 24 |
| 3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS | 25 |
| 3.2.1. Actividades de comprensión de textos orais | 25 |

| | |
|--|----|
| 3.2.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais..... | 25 |
| 3.2.3. Actividades de comprensión de textos escritos | 26 |
| 3.2.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos. | 26 |
| 3.2.5. Actividades de mediación..... | 26 |
| 3.3. COMPETENCIAS E CONTIDOS..... | 27 |
| 3.3.1. Socioculturais e sociolingüísticos. | 27 |
| 3.3.2. Estratéxicos. | 27 |
| 3.3.3. Funcionais..... | 28 |
| 3.3.4. Discursivos..... | 29 |
| 3.3.5. Sintácticos. | 30 |
| 3.3.6. Léxicos. | 30 |
| 3.3.7. Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos. | 31 |
| 3.4. TEMPORALIZACIÓN. | 32 |
| 3.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN | 37 |
| 3.5.1. Actividades de comprensión de textos orais..... | 37 |
| 3.5.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais..... | 37 |
| 3.5.3. Actividades de comprensión de textos escritos | 38 |
| 3.5.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos | 38 |
| 3.5.5. Actividades de mediación | 39 |
| 4. NIVEL B1 | 39 |
| 4.1. OBXECTIVOS XERAIS | 39 |
| 4.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS..... | 40 |
| 4.2.1. Actividades de comprensión de textos orais..... | 40 |
| 4.2.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais..... | 41 |
| 4.2.3. Actividades de comprensión de textos escritos. | 41 |
| 4.2.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos. | 42 |
| 4.2.5. Actividades de mediación..... | 42 |
| 4.3. COMPETENCIAS E CONTIDOS..... | 43 |
| 4.3.1. Socioculturais e sociolingüísticos. | 43 |
| 4.3.2. Estratéxicos. | 43 |
| 4.3.3. Funcionais..... | 44 |

| | |
|--|----|
| 4.3.4. Discursivos..... | 45 |
| 4.3.5. Sintácticos. | 46 |
| 4.3.6. Léxicos | 47 |
| 4.3.7. Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos. | 48 |
| 4.4. TEMPORALIZACIÓN | 48 |
| 4.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN | 51 |
| 4.5.1. Actividades de comprensión de textos orais..... | 51 |
| 4.5.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais..... | 51 |
| 4.5.3. Actividades de comprensión de textos escritos. | 52 |
| 4.5.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos. | 53 |
| 4.5.5. Actividades de mediación..... | 53 |
| 5. NIVEL B2.1 | 54 |
| 5.1. OBXECTIVOS XERAIS | 54 |
| 5.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS..... | 55 |
| 5.2.1. Actividades de comprensión de textos orais..... | 55 |
| 5.2.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais..... | 56 |
| 5.2.3. Actividades de comprensión de textos escritos. | 57 |
| 5.2.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos. | 57 |
| 5.2.5. Actividades de mediación..... | 57 |
| 5.3. COMPETENCIAS E CONTIDOS..... | 58 |
| 5.3.1. Socioculturais e sociolingüísticos. | 58 |
| 5.3.2. Estratéxicos. | 59 |
| 5.3.3. Funcionais..... | 60 |
| 5.3.4. Discursivos..... | 61 |
| 5.3.5. Sintácticos. | 62 |
| 5.3.6. Léxicos. | 64 |
| 5.3.7. Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos. | 65 |
| 5.4. TEMPORALIZACIÓN | 65 |
| 5.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN | 67 |
| 5.5.1. Actividades de comprensión de textos orais. | 67 |
| 5.5.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais..... | 68 |

| | |
|--|----|
| 5.5.3. Actividades de comprensión de textos escritos. | 69 |
| 5.5.4. Actividades de producción e coproducción de textos escritos | 69 |
| 5.5.5. Actividades de mediación..... | 70 |
| 6. NIVEL B2.2. | 70 |
| 6.1. OBXECTIVOS XERAIS | 71 |
| 6.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS..... | 72 |
| 6.2.1. Actividades de comprensión de textos orais. | 72 |
| 6.2.2. Actividades de producción e coproducción de textos orais..... | 73 |
| 6.2.3. Actividades de comprensión de textos escritos. | 73 |
| 6.2.4. Actividades de producción e coproducción de textos escritos. | 74 |
| 6.2.5. Actividades de mediación..... | 75 |
| 6.3. COMPETENCIAS E CONTIDOS..... | 75 |
| 6.3.1. Socioculturais e sociolingüísticos. | 75 |
| 6.3.2. Estratéxicos. | 75 |
| 6.3.3. Funcionais..... | 77 |
| 6.3.4. Discursivos..... | 78 |
| 6.3.5. Sintácticos. | 80 |
| 6.3.6. Léxicos. | 81 |
| 6.3.7. Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos. | 82 |
| 6.4. TEMPORALIZACIÓN | 82 |
| 6.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN | 87 |
| 6.5.1. Actividades de comprensión de textos orais..... | 87 |
| 6.5.2. Actividades de producción e coproducción de textos orais..... | 88 |
| 6.5.3. Actividades de comprensión de textos escritos. | 89 |
| 6.5.4. Actividades de producción e coproducción de textos escritos. | 89 |
| 6.5.5. Actividades de mediación..... | 90 |
| 7. NIVEL C1.1..... | 90 |
| 7.1. OBXECTIVOS XERAIS | 91 |
| 7.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS..... | 92 |
| 7.2.1. Actividades de comprensión de textos orais..... | 92 |
| 7.2.2. Actividades de producción e coproducción de textos orais..... | 93 |

| | |
|--|-----|
| 7.2.3. Actividades de comprensión de textos escritos | 93 |
| 7.2.4. Actividades de producción e coproducción de textos escritos. | 94 |
| 7.2.5. Actividades de mediación..... | 94 |
| 7.3. COMPETENCIAS E CONTIDOS..... | 95 |
| 7.3.1. Socioculturais e sociolingüísticos | 95 |
| 7.3.2. Estratéxicos | 95 |
| 7.3.3. Funcionais..... | 97 |
| 7.3.4. Discursivos..... | 98 |
| 7.3.5. Sintácticos | 99 |
| 7.3.6. Léxicos | 100 |
| 7.3.7. Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos | 101 |
| 7.4. TEMPORALIZACIÓN | 102 |
| 7.5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN | 104 |
| 7.5.1. Actividades de comprensión de textos orais..... | 104 |
| 7.5.2. Actividades de producción e coproducción de textos orais..... | 104 |
| 7.5.3. Actividades de comprensión de textos escritos | 105 |
| 7.5.4. Actividades de producción e coproducción de textos escritos | 106 |
| 7.5.5. Actividades de mediación | 106 |
| 8. NIVEL C1.2..... | 107 |
| 8.1. OBXECTIVOS XERAIS | 107 |
| 8.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS..... | 109 |
| 8.2.1. Actividades de comprensión de textos orais..... | 109 |
| 8.2.2. Actividades de producción e coproducción de textos orais..... | 109 |
| 8.2.3. Actividades de comprensión de textos escritos | 110 |
| 8.2.4. Actividades de producción e coproducción de textos escritos | 110 |
| 8.2.5. Actividades de mediación | 111 |
| 8.3. COMPETENCIAS E CONTIDOS..... | 111 |
| 8.3.1. Socioculturais e sociolingüísticos | 111 |
| 8.3.2. Estratéxicos | 112 |
| 8.3.3. Funcionais..... | 113 |
| 8.3.4. Discursivos..... | 114 |

| | |
|--|-----|
| 8.3.5. Sintácticos | 115 |
| 8.3.6. Léxicos | 116 |
| 8.3.7. Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos | 117 |
| 8.4. TEMPORALIZACIÓN | 118 |
| 8.5. CRITERIOS DE EVALUACIÓN | 120 |
| 8.5.1. Actividades de comprensión de textos orais..... | 120 |
| 8.5.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais..... | 120 |
| 8.5.3. Actividades de comprensión de textos escritos | 121 |
| 8.5.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos | 122 |
| 8.5.5. Actividades de mediación | 123 |
| 9. METODOLOXÍA..... | 123 |
| 10. ATENCION A DIVERSIDADE | 128 |
| 10.1. Alumnado susceptible de medidas educativas diversificadas | 130 |
| 10.2. Criterios para a atención ao alumnado con necesidades de audición e linguaxe | 130 |
| 10.3. Criterios para programar atendendo á diversidade | 130 |
| 11. AVALIACIÓN | 131 |
| 11.1. Avaliación inicial | 136 |
| 11.2. Avaliación formativa..... | 136 |
| 11.3. Avaliación de promoción (ou sumativa) | 137 |
| 11.4. Avaliación certificadora | 137 |
| 11.5. Autoavaliación..... | 137 |
| 11.6. Mínimos esixibles en diferentes niveis | 138 |
| 12. RECURSOS..... | 160 |
| 12.1. Humanos | 161 |
| 12.2. Físicos | 161 |
| 12.3. Materiais | 162 |

INTRODUCCIÓN

1.1. MARCO LEGAL

- Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Real Decreto 1041/2017, do 22 de decembro, polo que se fixan as esixencias mínimas do nivel básico para os efectos de certificación, se establece o currículo básico dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, e se establecen as equivalencias entre as ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas en diversos plans de estudos e as deste real decreto.
- Decreto 81/2018, do 19 de xullo, polo que se establece o currículo dos niveis básico A1, básico A2, intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real Decreto 1/2019, do 11 de xaneiro, polo que se establecen os principios básicos comúns de avaliación aplicables ás probas de certificación oficial dos niveis intermedio B1, intermedio B2, avanzado C1 e avanzado C2 das ensinanzas de idiomas de réxime especial.
- Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2022/2023.

1.2. CONTEXTO EDUCATIVO

A Escola Oficial de Idiomas é un centro destinado ó ensino das linguas modernas sen ningunha selección previa do alumnado, procedente de campos sociais, académicos e profesionais sumamente heteroxéneos, sendo moi habitual atopar nun mesmo grupo de clase a alumnos de ensino secundario e superior, licenciados, técnicos, administrativos, persoas que exercen profesións liberais e outras nas que a única titulación é o graduado escolar ou equivalente. A isto engádese unha importante diferenza de idade entre os alumnos, o que supón, como consecuencia directa, un público de intereses comunicativos diferentes que fai máis difícil a homoxeneización dos grupos por centros de interese esixindo do profesorado un esforzo extra, superior

ó de calquera profesor doutro tipo de ensino, no que os alumnos teñen idades similares e coñecementos e intereses máis homoxéneos.

Aínda tendo en conta esa diversidade de intereses do alumnado, temos que establecer uns contidos e obxectivos xerais que terán que ser alcanzados polos alumnos nos seis cursos en que se dividen as nosas ensinanzas no presente curso académico 2023-24. Ditas ensinanzas serán impartidas polos profesores José Manuel Mercado Navas e Ana Díaz Portela e son as seguintes: A1, A2, B1, B2.1 e B2.2. Na vixente programación están presentes os niveis C1.1. e C1.2. pese a non seren impartidos ao non completar alumnado correspondente o derradeiro curso académico.

O Marco Común Europeo de Referencia das Linguas (MCERL) ocupa hoxe un posto importante no ensino aprendizaxe das linguas.

Prolongación natural das aproximacións comunicativas, situase nunha perspectiva de acción que “considera o usuario e o aprendiz dunha lingua como actores sociais que teñen que cumprir tarefas en circunstancias e medio ambiente estipulados”.

1. 3. OBXECTIVOS XERAIS

O alumnado ha de ser capaz de:

- ser parte activa no proceso de aprendizaxe, marcándose obxectivos e avaliando o seu progreso
- reflexionar sobre como aprende e tomar decisións sobre o que necesita para desenvolver a súa capacidade individual
- manter unha actitude positiva cara ás tarefas recomendadas para desenvolver a súa competencia lingüística e estratexias de comunicación
- participar de forma reflexiva, creativa e crítica nas diferentes situacións de comunicación
- recoñecer o papel do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe mediante o cal cada falante crea a súa propia interlingua
- utilizar estratexias de comunicación para superar as dificultades causadas polas súas carencias na competencia lingüística
- valorar a importancia de facer un uso apropiado da lingua e producir unha mensaxe coherente

- recoñecer a importancia da relación emisor-receptor, na que se negocian significados, e comprender a intención do interlocutor.

Os medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e a comunicación (televisión, radio, Internet, gravacións de audio/vídeo, DVD, MP3, CD- Rom, etc.) serán unha ferramenta cruce tanto para o profesorado como para o alumnado, xa que son unha fonte inesgotable de recursos para demostracións, repeticións, etc., para toda a clase como a base de traballo de grupo.

2. NIVEL A1

O nivel A1 (acceso) correspóndese, segundo o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL) co nivel máis básico de aprendizaxe do idioma e tradúcese na capacidade de comunicarse nas situacións^o cotiás empregando expresión básicas de uso frecuente e un vocabulario elemental. O alumnado que supere o nivel básico A1 será capaz de desenvolverse de forma elemental e satisfacer necesidades de tipo inmediato. Igualmente, poderá actuar en situacións moi cotiás mediando entre falantes de distintas linguas para facilitar a comunicación. O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en situacións comunicativas moi concretas e predicibles relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos orais e escritos moi breves e sinxelos nun rexistro neutro da lingua estándar.

2.1. Obxectivos xerais

- Comprender a información esencial en textos orais moi breves, articulados con moita lentitude, claridade e redundancia nunha variedade de lingua estándar, sobre temas moi frecuentes ou aspectos do ámbito persoal, sempre que as condicións acústicas sexan boas, non existan ruídos de fondo e a mensaxe non estea distorsionada e se poidan empregar apoios visuais, repeticións a ritmo máis lento ou reformulacións.

- Producir e coproducir textos orais moi breves con estruturas moi sinxelas e habituais, relativos a necesidades inmediatas e temas moi cotiás e predicibles, e desenvolverse de forma comprensible, aínda que sexan evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, reformulación e corrección de frases, así como a colaboración da persoa interlocutora para facerse entender.

- Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos moi breves e sinxelos, claramente estruturados e en lingua estándar, e que conteñan información moi sinxelas relacionadas con actividades e situación da vida cotiá ou información persoal básica, especialmente se contan con apoio visual.
- Producir e coproducir textos escritos moi breves e sinxelos con información moi básica relacionada con actividades cotiás e de necesidade inmediata ou información persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural moi limitado relacionado con situación concretas e predicibles e os recursos de cohesión e as convención ortográficas e de puntuación máis elementais.
- Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situación de carácter moi habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos moi cotiáns ou con información persoal moi básica.

2.2. Obxectivos específicos

2.2.1. Comprensión de textos orais

- Comprender o esencial en situacións nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas frecuentes referidos ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude e claridade.
- Seguir un texto moi breve articulado claramente e con pausas, no que se utilicen expresión moi sinxelas e habituais referidas a temas moi coñecidos ou a necesidades inmediatas.
- Comprender instrucións moi básicas pronunciadas lenta e claramente e seguir indicacións sinxelas e breves.
- Comprender a información esencial de pasaxes curtas gravadas que traten sobre asuntos cotiáns, sempre e cando estean pronunciadas lenta e claramente e que contén con apoio visual.

2.2.2. Producción e coproducción de textos orais

- Establecer contactos sociais moi breves, de estrutura moi sinxela, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, así como as fórmulas básicas de cortesía.

- Presentarse e intercambiar información básica e sinxela sobre si mesmo, e expresar gustos e intereses sobre temas moi cotiáns.
- Participar en conversas moi básicas sobre temas predicibles, facendo invitación e propostas e reaccionando adecuadamente a elas, e expresar sentimentos e opinións básicos.
- Interactuar para obter ou ofrecer bens e servizos ligados a necesidades inmediatas, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reaccionar adecuadamente.
- Solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.

2.2.3. Comprensión de textos escritos

- Comprender carteis, letreiros ou textos moi breves e sinxelos que inclúan ou soliciten información persoal básica e que conteñan vocabulario moi frecuente.
- Comprender instrucións e indicacións breves relacionadas con actividades e situación cotiáns que conteñan información moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual (anuncios, menús, etc.).
- Comprender o sentido global e localizar información relevante en textos moi básicos e claramente estruturados relacionados con temas da súa experiencia.
- Comprender información específica e predicible en correspondencia persoal moi breve e sinxela.
- Comprender información relevante en noticias moi breves que contén con apoio visual.
- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a estratexias lingüísticas e non lingüísticas.

2.2.4. Producción e coproducción de textos escritos

- Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal.
- Tomar notas a partir dunha información moi sinxela e predicible.
- Escribir mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiáns e de necesidade inmediata.
- Intercambiar correspondencia persoal breve e moi sinxela sobre temas da vida cotiá.
- Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos e organizalos en función de textos modelos.

2.2.5. Actividades de mediación

- Transmitir oralmente a terceiras persoas información moi simple e predicible relativa a necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan moi breves e de estrutura moi sinxela, e estean articulados con moita lentitude e claridade, e con repeticións.
- Mediar en situación moi cotiás e familiares, nas que se fale moi lenta e claramente, escoitando e transmitíndolle a terceiras persoas información moi simple e predicible, pedindo que se reformule o discurso con palabras máis sinxelas, aínda que teña que usar palabras soltas ou axudarse de elementos non lingüísticos.
- Repetir a información predicible contida en textos orais ou escritos moi breves e sinxelos coa axuda do dicionario e aínda que poida cometer erros na asignación do significado axeitado a algunha palabra.

2.3. Competencias e contidos

2.3.1. Socioculturais e sociolingüísticos

Coñecemento e aplicación dos recursos que lle permitan ao alumnado comportarse e comunicarse con efectividade en diferentes situacións, tendo en conta os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos aos diferentes ámbitos:

- Vida cotiá: distribución do día e rutina diaria, actividades de lecer...
- Condicións de vida: vivenda, transporte...
- Relacións persoais: estrutura e relacións sociais e familiares.
- Linguaxe corporal: expresións faciais, acenos, posturas, distancia interpersonal, contacto visual, calidade de voz (ton, volumen...)
- Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá.

2.3.2. Estratéxicos

- Determinar os requerimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, etc.)
- Formular hipótesis sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.
- Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.

- Planificar a estrutura básica do texto.
- Ensañar o texto oral ou escrito.
- Adecuar de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle.
- Aproveitar os coñecementos previos.
- Probar novas expresións.
- Utilizar estratexias sinxelas para comezar, manter ou rematar una conversa breve.
- Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.
- Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.
- Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.
- Consultar as posibles dúbidas e corrixir erros.
- Comprobar hipóteses.
- Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.
- Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

2.3.3. Funcionais

- Usos sociais da lingua: saudar e despedirse, presentarse ou presentar a alguén, dirixirse a alguén, pedir desculpas, agradecer, felicitar, convidar, interesarse por persoas.
- Control da comunicación: manifestar comprensión e incomprensión, pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora, solicitarlle axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión (soletrear, repetir), preguntar o significado dunha palabra ou expresión.
- Información xeral: pedir e dar información sobre datos persoais; pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades; preguntar ou expresar se existe algo e se se sabe unha cousa; indicar posesión; indicar onde e cando ocorre algo; referirse a accións cotiás presentes.
- Opinións e valoracións: expresar intereses, preferencias e gustos; afirmar e negar algo; mostrar acordo e satisfacción; expresar coñecemento ou descoñecemento e seguridade ou inseguridade.

- Estados de saúde, sensacións e sentimentos: expresar sensacións físicas e sentimentos.
- Petición de instrucións e suxestións: pedir axuda, obxectos e servizos; invitar, e reaccionar adecuadamente.

2.3.4. Discursivos

- Asociación de enunciados simples e memorizados coas situacións en que é adecuado utilizarlos.
- Selección do léxico e das estruturas adecuadas para acadar o propósito comunicativo.
- Adaptación ás características e ao formato dos textos orais e escritos aos que se enfronta ou produce.
- Utilización de recursos moi sinxelos para iniciar, desenvolver ou rematar un texto oral ou escrito.
- Utilización dos patróns básicos de entoación axeitados á situación comunicativa, onde se aprecia unha forte influencia da propia lingua, tanto no ritmo coma na entoación.
- Utilización dos recursos máis básicos de puntuación.
- Mantemento da concordancia na estrutura do texto para enmarcar a mensaxe.

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos escritos: formularios, listaxes, horarios, billetes e entradas, correspondencia persoal e formal, cartas de restaurantes e menús, carteis, letreiros e sinais, dicionarios, folletos informativos ou publicitarios, notas e mensaxes.

Traballárase a seguinte tipoloxía de textos orais: conversas cara a cara e conversas telefónicas moi sinxelas.

2.3.5. Sintácticos

- O nome. Substantivo e adxectivo. Clases, xénero, número, caso e grao. Regras máis comúns para a flexión do xénero e do número.
- O artigo. Clases (determinado/definido, indeterminado/indefinido e partitivo). Formas e usos. Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo. Contraccións máis usuais
- O pronome persoal. Clases, formas e usos máis habituais
- O demostrativo. Formas, contraccións e usos
- O posesivo. Formas e usos
- Os cuantificadores. Numerais cardinais e ordinais. Outros cuantificadores elementais moi usuais
- Os indefinidos máis frecuentes. Formas, contraccións e usos
- As partículas interrogativas, exclamativas e relativas de uso máis común
- O verbo. Formas máis usuais para a expresión do presente, do pasado e do futuro. Formas de uso máis habitual para expresar estados, accións, eventos, procesos e realizacións
- O adverbio. Formas máis comúns para expresar afirmación, negación, modo, tempo, lugar e dirección
- As preposicións, os conectores e os enlaces de uso máis frecuente
- A oración simple afirmativa, negativa e interrogativa. Estrutura e orde dos seus elementos
- Gramática textual. Procedementos elementais de organización estrutural de textos orais e escritos

2.3.6. Léxicos

- Actividades cotiás: hábitos e horarios...
- Alimentación: léxico máis habitual relacionado coa alimentación e a gastronomía
- Bens e servizos públicos: xestións sinxelas en bancos, correos, policía...
- Ciencia e tecnoloxía: aparellos de uso cotián...
- Clima, condicións atmosféricas e ambiente: estacións do ano, fenómenos atmosféricos, animais e plantas máis comúns...

- Compras e actividades comerciais: establecementos comerciais, prezos, formas básicas de pagamento...
- Educación: material e actividades da aula, centros de ensino...
- Identificación persoal: datos persoais, aspecto físico, carácter, estados de ánimo, sentimentos...
- Información e medios de comunicación: noticias e reportaxes sinxelas...
- Relacións familiares e sociais: parentesco, formas de tratamento sinxelas...
- Saúde e coidados físicos: estado físico, partes do corpo...
- Tempo libre e ocio: actividades de lecer, actividades culturais, afeccións e intereses...
- Traballo e profesións: actividades profesionais máis habituais...
- Viaxes: nomes de países e xentilicios, vacacións, medios de transporte, aloxamento, equipaxe...
- Vivenda, fogar e contorna: partes da casa, mobiliario básico...

2.3.7. Fonético- fonolóxicos e ortotipográficos

- O alfabeto
- Correspondencia entre grafías e fonemas
- Recoñecemento e produción dos sons vocálicos e consonánticos
- A entoación
- O acento. Regras básicas de acentuación
- Recoñecemento e produción dos tons
- Estrutura silábica
- Ortografía das palabras estranxeiras de uso moi frecuente
- Orde dos trazos dos caracteres
- Recoñecemento e produción dos ideogramas básicos
- Usos básicos das maiúsculas e das minúsculas
- Ortografía do vocabulario máis usual
- Usos básicos dos signos ortográficos e de puntuación máis frecuentes

2.4. Temporalización

| Durée | Contenu grammatical | Phonétique | Lexique | Objectifs |
|---|--|--|--|--|
| Unités 1 – 2 (12 séances 25.09.2023- 06.11.2023) | <ul style="list-style-type: none"> - Les adjectifs de personnalité. - Les articles définis et indéfinis. - Les prépositions avec les villes et les pays. - Le présent des verbes -er. - L'adjectif interrogatif « quel ». - Le masculin et le féminin des professions. | <ul style="list-style-type: none"> - L'alphabet. - Le rythme et la syllabe accentuée. - Le masculin et le féminin des adjectifs et des substantifs. -Les groupes rythmiques et la place de l'accent tonique. -Les liaisons avec les prépositions et les déterminants. | <ul style="list-style-type: none"> - Les salutations. -L'identité. - Les expressions fréquentes pour communiquer. -Les loisirs. -Les lieux. -Les nombres. -Les pays et nationalités. -L'identité. -La famille, la situation familiale. -Les professions. | <ul style="list-style-type: none"> - Se présenter et parler de soi - Présenter quelqu'un - Saluer - Demander des informations sur une personne - Parler de ses origines et de ses goûts. - Raconter des moments de la vie quotidienne - Accepter, fixer et refuser un rendez-vous - Proposer une sortie -Décrire une photo. -Raconter des souvenirs -Ecrire une carte postale ou un commentaire en ligne. |
| | <ul style="list-style-type: none"> - Le singulier et le pluriel des noms. - Les prépositions de lieu. - Les partitifs et | <ul style="list-style-type: none"> - L'intonation interrogative. - La distinction entre différentes voyelles [u] ; [y] -Les voyelles nasales [ɛ̃] ; [œ̃] ; | <ul style="list-style-type: none"> - Les magasins, l'alimentation et les quantités. -Les repas -La ville | <ul style="list-style-type: none"> - Comprendre un article de journal et des petites annonces sur un type de logement - Décrire et situer un appartement |

| | | | | |
|---|---|---|--|---|
| <p>Unités 3 – 4 (12 séances 08.11.2023- 20.12.2023)</p> | <p>les quantités non définies (un peu de/d', beaucoup de/d').</p> <p>- Les verbes en -ir et le verbe prendre</p> <p>-La fréquence (jamais, souvent, toujours)</p> <p>-L'impératif</p> <p>-Les connecteurs (pour, parce que, mais, avec, sans).</p> <p>- C'est- Il/elle est.</p> | <p>[ɔ̃] ; [ɑ̃]</p> | <p>-Les transports.</p> <p>-Les nombres (100 à 1 milliard).</p> | <p>- Demander et reprendre la parole</p> <p>- Décrire un lieu</p> <p>- Comprendre un itinéraire.</p> <p>-Donner une appréciation.</p> |
| <p>Unités 5 – 6 (12 séances 08.01.2024- 21.02.2024)</p> | <p>- Les verbes pronominaux au présent.</p> <p>- La fréquence (jamais, de temps en temps, souvent, tous les..., tout le temps, toujours)</p> <p>- Les adjectifs démonstratifs.</p> <p>- Le passé récent.</p> <p>-Le futur proche.</p> <p>- La place des adjectifs.</p> <p>- Les indicateurs de temps au</p> | <p>- Les liaisons obligatoires avec l'adjectif.</p> <p>-Les consonnes</p> <p>[ʃ] ; [ʒ]</p> <p>[s] ; [z]</p> <p>-Les voyelles</p> <p>[ø] ; [œ]</p> | <p>- Les vêtements. Les accessoires, les couleurs, les matières.</p> <p>- La météo et les températures.</p> <p>-Les objets technologiques, les objets du quotidien, les caractéristiques des objets (forme, taille, poids)</p> <p>-L'heure, les activités quotidiennes, les activités de</p> | <p>- Commenter un prix.</p> <p>-Demander/Dire la taille et la pointure.</p> <p>-Donner une appréciation sur un vêtement.</p> <p>-Situer un moment de l'année.</p> <p>-Parler de la météo.</p> <p>-Décrire un objet.</p> <p>-Demander/Dire l'heure.</p> <p>-Proposer une sortie.</p> |

| | | | | |
|---|---|---|--|--|
| | passé et au futur. | | la maison, le temps libre, les sorties culturelles. -La description physique et le caractère. | - Accepter/Refuser une sortie. -Décrire une personne. |
| Unités 7 – 8 (12 séances 26.02.2024- 17.03.2024) | - Les pronoms COD. - Les prépositions de lieu (2). - L'obligation et l'interdiction. - Le pronom y. - La comparaison (moins/aussi/plus + adjectivo + que). - Le passé composé. -Le conseil. - Les verbes « connaître et boire ». | - La liaison. - La prononciation des formes verbales (-er , etc.) -Le "e" finale non prononcé et l'enchaînement consonantique. -Les voyelles [e] ; [ɛ] -La consonne [R] -Les consonnes [b] ; [v] | - Le logement: meubles, pièces... -Le corps et la santé. : les parties du corps, la taille, les maladies, les lieux, les médicaments, les examens, les professions médicales, les émotions. -Le sport, l'alimentation, : la salle de sport, les sports. . | -S'informer sur un logement. -Exprimer de règles de vie commune. -Comprendre un règlement intérieur. -S'excuser dans un message. -Expliquer un problème domestique. -Exprimer un émotion positive ou négative. -Parler de la santé et du sport. -Exprimer son accord ou désaccord. -Donner un conseil. - Exprimer une obligation, une interdiction. |

| | | | | |
|--|--|--|---|---|
| <p>Unités 9-10 (11 séances 22.04.2024- 29.05.2024)</p> | <ul style="list-style-type: none"> - Le passé composé avec être (aller). -La comparaison (moins/aussi/plus + adjectif + que) -Les prépositions devant les noms de villes et pays. -Les verbes impersonnels à l'imparfait (c'était, il y avait, il faisait). -Les pronoms COD (me, m', te, t', nous, vous). -La durée, la continuation. -Les pronoms relatifs qui et que. -L'intensité. | <ul style="list-style-type: none"> - Les voyelles nasales. - L'enchaînement. - Le "H" muet. - Correspondance entre graphies et phonèmes. | <ul style="list-style-type: none"> -Les vacances, les lieux, les destinations, l'hébergement, la réservation, les moyens de transport, les activités. -La nature : les lieux, la flore, les animaux, les activités. -L'université, les études : le campus, les personnes, les disciplines. -L'entreprise : les conditions et les lieux de travail, les professions, les tâches, les outils e communication. | <ul style="list-style-type: none"> - Réserver une chambre d'hôtel. -Décrire une ville, un pays. -Décrire un paysage. -Exprimer la préférence. -Écrire une carte postale. -Parler de ses études et de son université. -Parler de ses compétences. -Parler de son projet professionnel. -Parler de son métier. |
| | | | | |

2.5. Criterios de avaliación

2.5.1. Actividades de comprensión de textos orais

- Comprende os puntos principais e a información esencial do texto, aplicando os aspectos socioculturais e sociolingüísticos máis básicos relativos á vida cotiá, ás condición de vida, ás relación persoais, á linguaxe corporal e ás convención sociais das culturas en que se usa o idioma.

- Recoñece o léxico oral básico e de uso común relativo a temas frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.

- Discrimina os patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común.

2.5.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Coñece e utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente para producir textos orais moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, empregando os recursos de cohesión máis básicos para enlazar palabras ou grupos de palabras.

- Manexa un repertorio básico de expresións sinxelas e fixas que lle permiten comunicarse de forma comprensible, con pausas, titubeos e reformulacións.

- Interactúa de maneira sinxela en intercambios moi breves, articulados de forma lenta e clara, facendo preguntas e dando respostas para asegurar a comunicación e usando rutinas sinxelas básicas para iniciar e pechar a quenda de palabra, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

- Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico oral moi básico e limitado, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, utilizando normas básicas e sinxelas de cortesía e expresión temporais sinxelas, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.

- Pronuncia e entoa de maneira suficientemente clara, aínda que resulte moi evidente o acento estranxeiro ou cometa erros que non imposibiliten a comunicación e sexa necesaria a colaboración da persoa interlocutora.

2.5.3. Actividades de comprensión de textos escritos

- Sabe aplicar as estratexias máis adecuadas en cada caso para a comprensión dos puntos esenciais e a información principal do texto.

- Comprende o léxico escrito máis básico e de uso máis común relativo a temas moi frecuentes ou a necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, e pode deducir do contexto e do cotexto o significado probable de palabras ou frases que descoñece.

- Recoñece os valores e significados asociados ás convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación máis elementais.

2.5.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- Produce textos escritos moi breves e de estruturas moi sinxelas e habituais, p.e. copiando modelos de textos de características similares ou planificando e ensaiando o texto. Para levalo a cabo, utiliza estruturas sintácticas moi sinxelas e de uso moi frecuente e emprega os recursos de cohesión textual máis básicos (repetición léxica e conectores moi comúns).
- Coñece e utiliza adecuadamente un repertorio léxico escrito moi básico, suficiente para dar e obter información sobre temas moi frecuentes ou necesidades inmediatas e aspectos do ámbito persoal, aínda que pode presentar algunhas incorreccións que non imposibilitan a comunicación.
- Utiliza as regras ortográficas, os signos de puntuación e as convencións formais máis elementais.

2.5.5. Actividades de mediación

- É capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos máis xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.
- Identifica a información básica e predicible que debe transmitir, aínda que teña que solicitar repeticións ou reformulacións e contar coa axuda do dicionario, e poida cometer erros.
- Repite ou reformula o dito de maneira máis sinxela para facerlles máis comprensible a mensaxe ás persoas destinatarias, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

3. NIVEL A2

O Nivel Básico presenta as características do nivel de competencia A2, segundo este nivel se define no MECR.

O Nivel Básico ten a finalidade de capacitar, fóra das etapas ordinarias do sistema educativo, para utilizar o idioma oralmente e por escrito de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais, relativas a necesidades inmediatas, e que requiran comprender e producir textos breves nun rexistro neutro que conteñan expresións e estruturas básicas en termos sinxelos. Este nivel de uso do idioma

permitirá igualmente actuar en situacións cotiás de comunicación como intermediario entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

O alumnado que supere o nivel básico A1 - A2 será capaz de levar a cabo tarefas simples e cotiás sobre cuestións coñecidas e habituais. Igualmente, poderá actuar en situacións cotiás de comunicación mediando entre falantes de distintas linguas que non poidan comprenderse de forma directa.

O alumnado que acade este nivel disporá das competencias que lle permitan utilizar o idioma, oralmente e por escrito, de maneira eficaz e apropiada en actividades comunicativas sinxelas e habituais relativas a necesidades inmediatas e que requiran comprender e producir textos breves que conteñan expresións e estruturas básicas e termos sinxelos de lingua estándar.

3.1. OBXECTIVOS XERAIS

- Comprender o sentido xeral e a información relevante en textos orais breves e sinxelos articulados con claridade e lentitude nunha variedade de lingua estándar, que traten de necesidades inmediatas, temas cotiás e coñecidos cos que se estea moi familiarizado/a ou experiencias persoais e predicibles, sempre que non existan ruídos de fondo e se poidan utilizar apoios visuais, repeticións ou reformulacións.

- Producir e coproducir textos orais breves con estruturas básicas e habituais, adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras, referidos a asuntos da vida cotiá, e desenvolverse de forma comprensible e clara, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e titubeos, e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación das persoas interlocutoras para manter a comunicación.

- Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos escritos breves e sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar, relacionados con temas cotiás, especialmente se contan con apoio visual.

- Producir e coproducir textos escritos breves e sinxelos sobre aspectos cotiás e temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, utilizando un repertorio léxico e estrutural limitado e básico e os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación elementais.

- Mediar entre falantes da lingua meta ou doutras linguas en situacións de carácter habitual nas que se producen intercambios moi sinxelos de información relacionados con asuntos cotiás ou con información persoal básica.

3.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

3.2.1. Actividades de comprensión de textos orais

- Comprender frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.

- Comprender o sentido xeral e a información específica predicible de conversas básicas sobre temas cotiáns, e identificar un cambio de tema.

- Comprender o significado global e as informacións relevantes de mensaxes gravadas sinxelas que relaten experiencias persoais e predicibles, articuladas lentamente e nunha linguaxe estándar.

- Comprender a información esencial en exposicións e presentacións públicas breves e sinxelas, referidas a temas habituais e coñecidos.

- Comprender o sentido xeral e a información esencial predicible de textos audiovisuais sinxelos, cando exista o apoio de imaxes moi redundantes.

3.2.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Desenvolverse nas relacións sociais habituais de xeito sinxelo, pero eficaz, utilizando e recoñecendo fórmulas habituais de inicio e peche da conversa, tomando a palabra con cortesía, utilizando expresións básicas moi habituais adecuadas á situación e ás persoas interlocutoras.

- Desenvolverse en actividades habituais e transaccións e xestións cotiáns, sinxelas, propias de situacións e temas coñecidos, facéndose entender ofrecendo ou solicitando información básica.

- Describir nun monólogo, de forma breve e sinxela, accións, persoas, lugares e obxectos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos/as oíntes, se lles repiten e se lle axudan coas respostas.

- Expoñer plans e formular hipóteses, de forma breve e sinxela, en conversas informais relacionadas con asuntos cotiáns, e expresar de forma breve a opinión, as crenzas ou as suxestións sobre un tema coñecido.

- Solicitar a colaboración da persoa interlocutora e utilizar estratexias para asegurar a comunicación.

3.2.3. Actividades de comprensión de textos escritos

- Comprender o sentido global e localizar información relevante e predicible en textos breves e sinxelos, en lingua estándar, e relacionados con temas da súa experiencia, especialmente se contan con apoio visual.

- Comprender tipos básicos de correspondencia sobre temas cotiáns.

- Comprender as instrucións básicas de aparellos de uso moi frecuente.

- Comprender textos instrutivos, descritivos e narrativos sinxelos, ben estruturados e en lingua estándar.

- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión recorrendo a claves lingüísticas e non lingüísticas.

3.2.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos.

- Intercambiar información concreta e sinxela sobre aspectos cotiáns e habituais nos diferentes ámbitos de actividade social.

- Describir de forma sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar experiencias relacionadas con temas cotiáns.

- Intercambiar correspondencia breve e sinxela, sobre temas predicibles relacionados coa experiencia persoal, nun rexistro axeitado á situación de comunicación.

- Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizar estes de acordo con textos modelo.

3.2.5. Actividades de mediación.

- Transmitirlle oralmente a terceiras persoas información específica e relevante relativa a temas cotiáns, necesidades inmediatas ou aspectos do ámbito persoal contida en textos orais ou escritos, sempre que estes sexan breves e de estrutura

sinxela, e estean articulados con lentitude e claridade, aínda que necesite consultar algunha palabra.

- Transmitirlle oralmente a terceiras persoas a información relativa a temas moi habituais contida en gráficos e imaxes moi sinxelas, como mapas meteorolóxicos, aínda que sexan evidentes as pausas, os titubeos e as reformulacións.

- Mediar en situacións moi cotiás, nas que o discurso se articule con lentitude e claridade, escoitando e comprendendo, aínda que sexa preciso pedir repeticións ou reformulacións, transmitindo o sentido xeral e a información esencial.

- Resumir brevemente a información máis relevante de textos orais ou escritos moi sinxelos e breves, articulados con lentitude, claramente estruturados e que contén con apoio visual e cun léxico de uso moi frecuente, relativos a temas cotiáns ou necesidades inmediatas, sempre que poida axudarse de xestos, imaxes ou expresións doutras linguas e poida cometer erros que non dificulten a comprensión.

- Tomar notas moi breves e sinxelas para terceiras persoas en enunciados ou intervencións moi breves e claramente estruturados, sempre que o tema sexa familiar e se conte coa axuda de distintos recursos (dicionarios, Internet...).

3.3. COMPETENCIAS E CONTIDOS.

3.3.1. Socioculturais e sociolingüísticos.

- Vida cotiá: horarios e hábitos de comida, horarios e costumes relacionados co traballo, actividades de lecer...

- Condicións de vida: vivenda, condicións laborais, transporte...

- Relacións persoais: relacións sociais, familiares, profesionais...

- Linguaxe corporal: expresións faciais, acenos, distancia interpersonal, contacto visual, calidade de voz (ton, volume...)

- Convencións sociais: fórmulas de cortesía en situacións da vida cotiá, vestuario...

3.3.2. Estratéxicos.

1. As estratexias de aprendizaxe danlle a posibilidade ao alumnado de regular a súa aprendizaxe, así como de transformar e xestionar a nova información da lingua obxecto de estudo. Así o alumnado poderá:

- Determinar os requirimentos da tarefa e avaliar os propios coñecementos e recursos lingüísticos para desenvolvela.
- Identificar o tipo de texto para adaptarse á súa comprensión.
- Distinguir o tipo de comprensión (sentido xeral, información específica...).
- Formular hipóteses sobre o contido, baseándose nos seus coñecementos.
- Planificar o desenvolvemento da tarefa tendo en conta a situación de comunicación e o obxectivo que se pretende acadar.
- Planificar a estrutura básica do texto.
- Ensañar o texto oral ou escrito.
- Adecuar de forma básica o texto oral ou escrito á persoa destinataria, ao contexto e á canle.
- Aproveitar os coñecementos previos.

2. As estratexias de comunicación permiten mobilizar os propios recursos para poñer en funcionamento as actividades de lingua, así como establecer e manter a comunicación cos medios lingüísticos dispoñibles. Así, o alumnado poderá:

- Probar novas expresións.
- Utilizar estratexias sinxelas para iniciar, manter ou rematar unha conversa breve.
- Cooperar coa persoa interlocutora para facilitar a comprensión mutua.
- Deducir o significado de palabras ou frases a partir do contexto.
- Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos ou extralingüísticos.
- Efectuar, de forma básica, as aclaracións e correccións necesarias para compensar dificultades e malentendidos na comunicación.
- Consultar as posibles dúbidas e corrixir os erros.
- Comprobar hipóteses.
- Reformular hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.
- Memorizar palabras e estruturas novas aprendidas.
- Valorar se se conseguiron ou non os obxectivos propostos.

3.3.3. Funcionais.

Usos sociais da lingua:

- Saudar e despedirse.
- Presentarse ou presentar a alguén.
- Dirixirse a alguén.
- Pedir desculpas.

- Agradecer.
- Felicitar.
- Convidar.
- Interesarse por persoas.

Control da comunicación:

- Manifestar comprensión e incompreensión.
- Pedirlle confirmación da comprensión á persoa interlocutora.
- Solicitalle axuda á persoa interlocutora para facilitar a comprensión (p.e. falar devagar, soletrar, repetir).
- Preguntar o significado dunha palabra ou expresión.

Información xeral:

- Pedir e dar información sobre datos persoais.
- Pedir e dar información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades.
- Preguntar ou expresar se existe algo e se se sabe una cousa.
- Indicar posesión.
- Indicar onde e cando ocorre algo.
- Referirse a accións cotiás presentes.

Opiniós e valoracións:

- Expresar intereses, preferencias e gustos.
- Afirmar ou negar algo.
- Mostrar acordo e satisfacción.
- Expresar coñecemento ou descoñecemento e seguridade ou inseguridade.

Estados de saúde, sensacións e sentimentos:

- Expresar sensacións físicas e sentimentos.

Petición de instrucións e suxestións:

- Pedir axuda, obxectos e servizos.
- Invitar, e reaccionar adecuadamente.

3.3.4. Discursivos.

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos escritos:

- Formularios
- Listaxes
- Horarios

- Billetes e entradas
- Correspondencia persoal e formal (cartas, postais, mensaxes electrónicas...)
- Cartas de restaurantes e menús
- Carteis, letreiros e sinais
- Dicionarios
- Folletos informativos ou publicitarios
- Notas e mensaxes

Traballarase a seguinte tipoloxía de textos orais:

- Conversas cara a cara
- Conversas telefónicas moi sinxelas

3.3.5. Sintácticos.

- O nome. Substantivo e adxectivo. Clases, xénero, número, caso e grao. Regras máis comúns para a flexión do xénero e do número.
- O artigo. Clases (determinado/definido, indeterminado/indefinido e partitivo). Formas e usos. Casos máis usuais de presenza/omisión do artigo. Contraccións máis usuais.
- O pronome persoal. Clases, formas e usos máis habituais.
- O demostrativo. Formas, contraccións e usos.
- O posesivo. Formas e usos.
 - Textos de rexistro coloquial en forma de notas, cartas, correo electrónico etc., aínda que se apoién excepcionalmente en modismos e fraseoloxía específica
 - Informacións, anuncios e slogans publicitarios
 - Textos que poidan amosar trazos non normativos
 - Textos de opinión ou ensaísticos sobre cuestións de actualidade ou sobre temas de interese xeral
 - Textos académicos ou profesionais relacionados ou non coa súa especialidade
 - Textos ensaísticos

8.3.5. Sintácticos

Consolidáranse todos os contidos sintácticos vistos nos niveis anteriores e incidírase nos seus usos e valores especiais. Así mesmo, prestarase atención aos seguintes aspectos:

- *Formación de palabras*: derivación e composición

- *Recoñecemento dos elementos da palabra e significado dos afixos*
- *Usos das formas verbais e nominais* na composición de textos e adecuación destas ao tipo de texto e ao discurso
- *Correlación temporal* na construción de textos orais e escritos
- *Usos sintácticos complexos*
- *Disposición dos constituíntes oracionais*: coñecemento das posibilidades de alteración da orde
- *Gramática textual*: os procedementos de organización estrutural dos textos orais e escritos: focalizacións, tematizacións, reformulacións etc.
- *Uso de mecanismos de cohesión* para a organización de textos orais e escritos

8.3.6. Léxicos

- *Alimentación*: tipos de dietas e procesos de alimentación, gastronomía típica, establecementos de restauración, tendencias en alimentación, produción agrícola...
- *Bens e servizos*: inmobles, bens e servizos públicos e privados, individuais e colectivos, propiedade intelectual...
- *Ciencia e tecnoloxía*: avances científicos e tecnolóxicos, centros de investigación, sociedades científicas...
- *Compras e actividades comerciais*: actividades de compra, venda e subrogación, rede bancaria, divisas e formas de pagamento...
- *Cultura e actividades artísticas*: música e danza, arquitectura, pintura e escultura, estilos e correntes artísticas, tendencias de vangarda, literatura, fotografía, cine e teatro, novas manifestacións artísticas, artesanía...
- *Economía e industria*: finanzas e bolsa, impostos e renda, comercio, entidades e empresas, sistemas de produción...
- *Educación e actividades académicas*: sistema educativo, profesionais da educación, estudos e titulacións, recursos, lexislación e regulamentos, actividades e innovacións, problemas e conflitos, tendencias...

- Goberno, política e sociedade: organización política e de goberno, estrutura administrativa, organismos e servizos públicos, organizacións sociais, políticas e profesionais, conflitos e movementos sociais, xustiza, modas e tendencias sociais...

- Identidade persoal: dimensión física e anímica, procedencia e localización xeográfica, características físicas, estilos de vida, carácter e valores persoais, sensacións e percepcións físicas...

- Información e medios de comunicación: prensa, radio e televisión, internet, publicidade e redes sociais...

- Lecer e tempo libre: xogos, actividades deportivas, espectáculos, festas, hostalería, vacacións, ocio...

- Relacións persoais e sociais: relacións familiares e de parentesco, relacións de amizade e inimidade, formas de convivencia, agrupamentos e interaccións humanas, asociacións...

- Relixión e filosofía: correntes filosóficas e relixiosas, institucións relixiosas...

- Saúde, coidados físicos e atención sanitaria: estado de saúde e tratamentos médicos, procedementos cirúrxicos e terapias alternativas, material sanitario, consultas, sistemas sanitarios...

- Traballo e actividades profesionais: tipos de traballo e tarefas, novas modalidades de emprego, condicións e contratos laborais, asociacións sindicais, seguridade e riscos laborais...

- Viaxes e estancias no estranxeiro: turismo, modas e tendencias turísticas, trámites coa administración e burocráticos durante estadias no estranxeiro...

- Vivenda, fogar e contorna: tipos de hábitat, a organización urbana, a localización no espazo, a construción, compra e alugueiro, equipamento, decoración e mantemento, a contorna sociocultural, física e económica...

- Xeografía, natureza e medio rural: accidentes xeográficos, movementos migratorios, paisaxe urbana e rural, natureza, ecoloxía e problemas ambientais...

8.3.7. Fonético-fonolóxicos e ortotipográficos

- A énfase

- A entoación e os cambios de ton
- Os patróns característicos de tons vinculados a intencións comunicativas específicas (ironía, sarcasmo, humor...)
- Os patróns melódicos específicos dalgúns estruturas sintácticas
- Secuencias sinxelas cunha entoación característica (refrás, poemas...)
- A correspondencia entre unidades melódicas e a puntuación
- O recoñecemento das variantes diatópicas e diastráticas máis estendidas
- As convencións de distribución e organización do texto
- As abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos de uso común

8.4. TEMPORALIZACIÓN

| | Objectifs actionnels | Thèmes | Actes de communication | Civilisation | Projet |
|--|---|--|---|--|--|
| Unité 1 10 séances (26.09.2023-31.10.2023) | <ul style="list-style-type: none"> - Analyser et prendre position - Préparer des arguments - Débattre dans le cadre d'une concertation citoyenne | -Science : l'intelligence artificielle | <ul style="list-style-type: none"> -Rédiger une recommandation - Convaincre -Réfuter des contre-arguments -Faire des objections -Donner son avis -Participer à une concertation citoyenne | <ul style="list-style-type: none"> - Les enjeux liés à l'intelligence artificielle - Les relations entre humains et robots - La place des algorithmes dans la vie quotidienne | <ul style="list-style-type: none"> - Participer à un café citoyen |
| Unité 2 | <ul style="list-style-type: none"> - Réfléchir au rôle du débat dans la société. - Intervenir dans un | <ul style="list-style-type: none"> -La bioéthique - La vaccination obligatoire | <ul style="list-style-type: none"> -Analyser une argumentation - Prendre position. | <ul style="list-style-type: none"> - La place du débat dans la société - Le choix personnel par rapport à la | <ul style="list-style-type: none"> - Organiser un débat |

| | | | | | |
|--|---|---|---|---|--|
| 10 séances (7.11.2023- 12.12.2023) | débat. - Participer à un débat. | - Le bien-être au travail. | - Participer à un débat -Gérer les tours de parole. | responsabilité collective -Les relations au travail | |
| Unité 3 11 séances (14.12.2023 - 01.02.2024) | -Saisir une nouvelle réalité -Participer à une enquête -Préparer un questionnaire -Interpréter les résultats d'un sondage. | -Les influenceurs -La viralité -Le populisme | - Répondre à un sondage. -Créer un questionnaire -Analyser des réponses -Parler de la situation politique d'un pays. | - Les enjeux sociaux émergents - Les nouvelles stratégies de marketing -Les courants politiques | - Mener une enquête sur un enjeu de société. |
| Unité 4 10 séances (06.02.2024- 12.03.2024) | - Repérer des informations et des opinions. -Analyser des données. -Dénoncer des inégalités. -Alerter l'opinion publique avec plus de force. | -L'obsolescence programmée. - Les injustices salariales. - La pollution marine. | - Défendre une cause. -Organiser une campagne de sensibilisation. | - La protection des consommateurs. - Les inégalités salariales entre les hommes et les femmes. - Le "continent de plastique". | - Lancer une pétition en ligne. |
| Unité 5 10 séances (14.03.2024- 23.04.2024) | - Exposer une cause. - Se révolter. - Alerter sur des conséquences. -Exprimer son indignation. | - Le boycott. - Les scandales environnementaux | - Écrire une lettre de protestation. - Préparer un « coup de gueule ». | - Le militantisme : l'exemple de Marie-Monique Robin et d'Arnaud Daguin. - La pomme du Limousin. | - Écrire une lettre à un député. |

| | | | | | |
|--|--|---|---------------------------------------|---|---|
| | | | | | |
| Unité 6 11 séances (25.04.2024- 30.05.2024) | - Repenser son rapport au monde. - Promouvoir des actions. - Se documenter et véhiculer le changement. | - La simplicité volontaire. - Les associations. - Les monnaies locales. | - Interviewer un groupe de personnes. | - Pierre Rabhi et la société heureuse. - Les Amis de la Terre - Le documentaire : le film « Demain ». - L'essor des monnaies locales. - Les initiatives environnementales | - Enquêter sur les causes qui amènent à agir. |

No mes de maio adicaranse as sesións a revisar, resolver dúbidas ou recuperar sesións se fose preciso.

8.5. CRITERIOS DE EVALUACIÓN

8.5.1. Actividades de comprensión de textos orais

- Comprende o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas.

- Recoñece, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala.

- É capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado.

- Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar.

- Percibe as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado

8.5.2. Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Utiliza o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida.

- Expresa o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter.

- Desenvolve argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.

- Rebate os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.

- Exprésase cun alto grao de corrección de modo consistente.

- Domina un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.

- É quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.

- Expón preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.

- Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

- Produce un texto oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte.

- Transmite de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

- Varía a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.

8.5.3. Actividades de comprensión de textos escritos

- Comprende o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.

- Identifica con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos.

- Localiza detalles relevantes en textos extensos e complexos.
- Recoñece a intención e o significado do propósito comunicativo, segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.
- Localiza a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.
- Recoñece expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.
- Comprende, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.
- Comprende as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.

8.5.4. Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- Escribe textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.
- Redacta un texto e adáptao á situación requirida.
- Presenta ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencíalos e eliminar posibles ambigüidades.
- Utiliza estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.
- Utiliza as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.
- Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.
- Produce un texto escrito coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.

- Sabe facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p. ex. nun texto académico).

- Transmite de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

8.5.5. Actividades de mediación

- Fai uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.

- Adapta os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

- Produce un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.

- Sabe citar as fontes segundo o ámbito e o contexto comunicativo.

- Transmite de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

- Xestiona con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.

9. METODOLOXÍA

A metodoloxía utilizada na aprendizaxe e ensino do idioma basearase no enfoque orientado á acción recollido no Marco común de referencia para as linguas. Os estudantes deben ser considerados como axentes sociais, é dicir, como membros dunha sociedade que teñen tarefas –non só relacionadas coa lingua– que levar a cabo nunha serie de circunstancias, nunha contorna específica e dentro dun campo de acción concreto.

A metodoloxía será eminentemente comunicativa e práctica. Así mesmo terá en conta tanto os aspectos lingüísticos da lingua (uso da lingua) como os aspectos

sociolingüísticos e culturais (adecuación á situación de comunicación e utilización do rexistro apropiado)

A finalidade do ensino do idioma é que o estudante desenvolva a súa competencia comunicativa para poder levar a cabo tarefas cada vez máis complexas, poñendo en xogo as estratexias tanto de aprendizaxe como de comunicación que sexan necesarias.

O progreso en:

- A competencia comunicativa leva consigo o desenvolvemento doutras competencias.
- A competencia lingüística: capacidade de utilizar os recursos formais da lingua.
- A competencia pragmática: capacidade de organizar e estruturar textos falados e escritos segundo a función comunicativa dos mesmos.
- A competencia sociolingüística: capacidade de adecuación da lingua ao contexto social de uso.

Todas estas competencias están ao servizo da comunicación, por tanto, non constitúen un fin en si mesmas e, en consecuencia, activaranse e desenvolverán en tarefas comunicativas nas que se integren as actividades de lingua de comprensión, expresión, interacción e mediación, tendo sempre presentes os criterios de avaliación que para o nivel avanzado establece esta programación. O material utilizado será variado e, sempre que sexa posible, auténtico, co obxecto de dar resposta ás necesidades reais dos alumnos e das alumnas e de achegar o estudo da lingua ás circunstancias e ao momento no que ten lugar.

A través das mencionadas tarefas, o estudante entra en contacto directo cos usos e características das culturas asociadas ao idioma, o que lle permite profundar nos seus coñecementos socioculturais e desenvolver a súa capacidade de análise crítica a partir das similitudes e diferenzas constatadas.

A metodoloxía atópase así centrada no aprendiz da lingua, de tal maneira que o alumno ou a alumna convértese no eixo de todo o proceso didáctico xa que del ou ela parte a necesidade de comunicar algo e integrará e reestruturará os novos coñecementos e experiencias a condición de que o considere relevante e significativo, asegurando, deste xeito, o progreso na súa competencia comunicativa.

O establecemento de estratexias resulta especialmente significativo por constituír unha base fundamental que axuda á construción e crecemento da competencia comunicativa do alumnado. Trátase de que o alumno ou a alumna identifique aquelas estratexias que xa emprega na súa lingua materna ou outras linguas coñecidas e aplíqueas na aprendizaxe dunha nova lingua, á vez que desenvolve estratexias novas.

** Enfoques xerais*

Baseándose nas investigacións máis recentes sobre aprendizaxe e ensino de idiomas e en consonancia co enfoque recolleito no Marco Común Europeo de Referencia, os alumnos e as alumnas aprenderán o idioma:

- mediante a exposición directa a un uso auténtico do idioma: lendo textos escritos auténticos que non fosen manipulados, nin adaptados;
- mediante a exposición directa a enunciados falados e a textos escritos especialmente elixidos (por exemplo, adaptados) na lingua obxecto de estudo;
- mediante a participación directa en tarefas especialmente elaboradas no idioma meta;
- mediante a combinación de presentacións, explicacións, exercicios de repetición e actividades de explotación, coa lingua meta como lingua de control en clase e de explicación, e incluíndo máis tarefas e textos auténticos, falados e escritos na lingua meta, e cun aumento do compoñente de estudo autónomo.

** O papel do profesorado, do alumnado e dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación*

O profesorado de linguas estranxeiras que demanda a situación educativa actual debe ser capaz de:

- motivar ao seu alumnado para aprender, mostrándose aberto e flexible á vez que competente;
- informar sobre a lingua mediante presentacións, prácticas e repasos: graduar as dificultades e saber cando, como e en que medida os alumnos e as alumnas necesitan información e/ou práctica;
- establecer os contextos lingüísticos e as situacións máis idóneas para a aprendizaxe;

- diagnosticar o que se debe aprender e como, tendo en conta que cada alumno ou alumna ten os seus propios métodos, estilos cognitivos e obxectivos;
- corrixir na medida en que é preciso segundo o tipo de actividade e avaliar de forma orientadora;
- formar e sensibilizar ao alumnado no desenvolvemento das súas competencias comunicativas da lingua, conciencia intercultural e capacidade de aprender de maneira autónoma;
- tentar que o interese do alumnado pola súa aprendizaxe reflíctase nunha actitude positiva cara ás tarefas concretas que lles poden axudar a mellorar a súa aprendizaxe.

Para fomentar a aprendizaxe autónoma, animaremos ao alumnado para facer uso da información que contén o Portfolio Europeo das Linguas (PEL), que lle ofrece un punto de partida para reflexionar sobre as súas experiencias de aprendizaxe de idiomas na aula e fóra dela e sobre as súas experiencias interculturais, así como para determinar as súas necesidades e os seus obxectivos de modo que poida organizar a súa aprendizaxe de idiomas. Ademais o PEL móstrase como unha ferramenta interesante de fronte ao mundo laboral xa que informa das capacidades do alumno ou a alumna nas distintas linguas estranxeiras que coñeza de maneira detallada e comparable internacionalmente en calquera momento do proceso.

O alumnado é, naturalmente, o que se atopa finalmente implicado nos procesos de adquisición e aprendizaxe da lingua. É o alumnado o que ten que desenvolver as competencias e as estratexias (na medida en que aínda non o fixeran) e realizar as tarefas, as actividades e os procesos necesarios para participar con eficacia en situacións comunicativas. Con todo, relativamente poucos aprenden de maneira activa, tomando a iniciativa á hora de planear, estruturar e executar os seus propios procesos de aprendizaxe. A maioría aprende reaccionando, seguindo as instrucións e realizando as actividades prescritas para eles polo profesorado e os manuais. Con todo, cando o ensino termina, a aprendizaxe posterior ten que ser autónoma. A aprendizaxe autónoma pódese fomentar se “aprender a aprender” considérase un aspecto principal da aprendizaxe de idiomas, dirixido a que os alumnos e as alumnas fáganse cada vez máis conscientes da forma en que aprenden, das opcións de que dispoñen e das que máis lles conveñen.

O alumnado ha de ser capaz de:

- ser parte activa no proceso de aprendizaxe, marcándose obxectivos e avaliando o seu progreso;
- reflexionar sobre como aprende e tomar decisións sobre o que necesita para desenvolver a súa capacidade individual;
- manter unha actitude positiva cara ás tarefas recomendadas para desenvolver a súa competencia lingüística e estratexias de comunicación:
- participar de forma reflexiva, creativa e crítica nas diferentes situacións de comunicación;
- recoñecer o papel do erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe mediante o cal cada falante crea a súa propia interlingua;
- utilizar estratexias de comunicación para superar as dificultades causadas polas súas carencias na competencia lingüística;
- valorar a importancia de facer un uso apropiado da lingua e producir unha mensaxe coherente;
- recoñecer a importancia da relación emisor-receptor, na que se negocian significados, e comprender a intención do interlocutor.

Os medios audiovisuais e as tecnoloxías da información e a comunicación (televisión, radio, Internet, gravacións de audio/vídeo, DVD, MP3, CD- Rom, etc.) serán unha ferramenta cruce tanto para o profesorado como para o alumnado, xa que son unha fonte inesgotable de recursos para:

- demostracións, repeticións, etc., para toda a clase
- como a base de traballo de grupo

** Utilización das novas tecnoloxías da información.*

Fomentarase o seu uso como recurso para a actualización de coñecementos de maneira autónoma e ao longo da vida. Estes medios facilitan o acceso a fontes de información con materiais auténticos ou didácticos, que cada persoa pode utilizar segundo os seus intereses e necesidades. Internet ademais posibilita a participación en situacións reais de comunicación e interacción.

10. ATENCION A DIVERSIDADE

A diversidade é unha das características máis peculiares da condición humana. A distinta maneira de ser ou de vivir é fonte de problemas cando estas diferencias son consideradas pola sociedade a modo de desigualdade. Toda cultura democrática debe asumir e valorar positivamente a existencia da diversidade entre a súa xente. Educar para a democracia é educar en e para a diversidade.

É un principio que debe rexer todo o ensino para proporcionarlle ao alumnado unha educación adecuada ás súas características, necesidades, capacidades, motivacións e estilos de aprendizaxe. As EOI deben procurar, na medida en que o permitan os seus recursos, medidas flexibles que se adecúen ás diferenzas individuais na aprendizaxe.

Unha educación para a diversidade é o xeito correcto de planificar e desenvolver a aprendizaxe de idiomas, de ensinar e de aprender, atendendo ás esixencias da actual sociedade para acabar coa marxinação.

Na E.O.I., como en todo grupo humano, manifestase claramente a diversidade dos alumnos e alumnas. Os intereses, as motivacións e as capacidades do alumnado son distintas; as facultades físicas e psíquicas varían dunhas persoas a outras.

As manifestacións da diversidade no ámbito educativo derivan de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos e relixiosos, así como das distintas capacidades intelectuais e físicas dos individuos.

Un bo tratamento da diversidade desde o punto de vista educativo ha de promover o respecto e a atención da mesma, pero debe, necesariamente, ir máis lonxe. Respetar a diversidade e atendela adecuadamente ha de desembocar, de xeito ineludible, na necesidade de potenciar e /ou compensar algunha das variables que orixinan diferencias, que implican situacións de desvantaxe respecto dos demais, con independencia de que esas deficiencias sexan obxectivamente positivas ou negativas respecto ao canon común.

Por iso, toda planificación educativa ha de ter todo isto moi en conta, do contrario, as actuacións emprendidas non contribuirán a facer efectivo o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación como axe fundamental do modelo educativo.

A partir desta premisa xurde o concepto de necesidades educativas especiais, que, no caso dos nosos alumnos, pode diferenciarse entre os que teñen dificultades de aprendizaxe e aqueles que teñen algunha deficiencia (auditiva ou de dicción).

Aqueles alumnos que teñen dificultades de aprendizaxe presentan unha alteración ou atraso na adquisición e uso das habilidades de escoitar, falar, ler e escribir. Estes desordes son intrínsecos ao individuo.

* Obxectivos xerais

- Facilitar ao alumnado con necesidades educativas unha resposta adecuada e de calidade que lle permita alcanzar o maior desenvolvemento persoal e social.
- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedemento, metodoloxía e avaliación adaptadas ás necesidades de cada alumno.
- Establecer criterios de integración do alumnado estranxeiro e de alumnos con problemas de audición ou de comprensión da lingua obxecto de estudo.

* Obxectivos específicos

Para o profesor

- Identificar as necesidades educativas específicas e de tratamento logopédico que presentan os alumnos e favorecer a súa integración e participación nas tarefas do grupo.
- Realizar o seguimento e avaliación dos alumnos que reciben algún tipo de apoio conforme ao establecido no currículo e nos plans de traballo

Para os alumnos con necesidade de audición e linguaxe

- Potenciar o sentido do oído (identificación e reprodución de sons, memoria auditiva, ritmo...).
- Practicar as “praxes” dos órganos implicados na fonación
- Favorecer a expresión oral destes alumnos.

10.1. Alumnado susceptible de medidas educativas diversificadas

Sen esquecer que o plan debe ter como referente o principio de individualización do ensino contemplado na LOE e como tal debe dar resposta as necesidades de todo o alumnado, a atención de forma máis específica realizarase cós seguintes alumnos:

** Alumnos con necesidades de audición e linguaxe.*

Estes alumnos poden presentar:

- Necesidades moi significativas: afasia, disfasia, mutismo selectivo.
- Necesidades significativas: disartria, disglosia, disfemia, retraso simple da linguaxe.
- Necesidades non significativas: dislalias, disfonía.
- Trastornos de lecto- escritura: dislexia, discalculia, disortografía....

10.2. Criterios para a atención ao alumnado con necesidades de audición e linguaxe

O profesor titor artillará as modificación curriculares necesarias para atender as necesidades específicas destes alumnos, preparando o material necesario que poderase desenrolar na hora normal de clase ou nas horas dedicadas a titoría, facendo o inicio do curso unha valoración previa das anomalías presentadas por cada un dos alumnos e das dificultades que puideran amosar na aprendizaxe dunha lingua estranxeira, neste caso o francés e realizará ao remate das actividades académicas unha avaliación ponderada do resultado das estratexias aplicadas. Trátase de non discriminar a ningún alumno con problemas de visión, audición ou dicción e conseguir a súa integración dentro da dinámica do grupo.

10.3. Criterios para programar atendendo á diversidade

- Contidos. Deberanse planificar actividades e materiais didácticos diferenciados, graduar a dificultade das actividades (ampliación, afondamento ou reforzo), procurar recursos diferentes, agrupar de forma distinta e planificar os reforzos.

- Metodoloxía. Planificación das estratexias. Deberanse considerar, polo menos, catro situacións:

- Alumnado que pode realizar actividades pouco complexas.

- Alumnado que pode realizar actividades máis complexas.

- Alumnado que avanza con diferentes ritmos.

- Alumnado con dificultades obxectivas de aprendizaxe.

- Cómpre considerar a posibilidade de realizar repeticións, exercicios de apoio, redución de tarefas, adaptacións e orientación.

- Así mesmo, terase en conta a organización do espazo e do tempo na aula e a procura de estratexias de aprendizaxe cooperativa.

- Avaliación. É necesario avaliar conforme ás diferentes capacidades do alumnado; valorar a eficacia das medidas adoptadas e do material empregado. Tamén se debe avaliar o grao de satisfacción acadado, tanto polo profesorado como polo alumnado.

11. AVALIACIÓN

A avaliación da aprendizaxe do alumnado estará centrada nas destrezas lingüísticas, polo que as probas serán elaboradas para verificar o grao de dominio en cada unha delas. Nos cursos certificadores, a avaliación do grao de dominio das distintas destrezas realizarase mediante a proba terminal de certificación no mes de xuño, nas mesmas datas e horario en todas as escolas oficiais de idiomas da Comunidade segundo o calendario que estableza a Dirección Xeral de Formación e Ensinanzas especiais.

Realizarase unha proba de progreso no mes de febreiro que terá unicamente valor orientativo para o alumnado presencial e o profesorado. O obxectivo da avaliación

para a certificación é medir o grao de competencia comunicativa do alumno na utilización do idioma, tanto nas destrezas de comprensión como nas de expresión.

As probas, que se elaborarán e se desenvolverán nas condicións que determine a Administración, terán como referencia a descrición do nivel e os obxectivos xerais e específicos por destrezas.

Para que o profesorado poida avaliar o grao de dominio das catro destrezas por avaliación continua, o alumnado presencial non poderá superar un número de faltas sen xustificar superior ó 20% das horas totais do curso.

A avaliación do grao de dominio das diferentes destrezas realizarase mediante dúas probas:

1. *A Proba parcial de progreso* que se realizará ao final do primeiro cuadrimestre, e terá un valor porcentual do 30% respecto da cualificación final do curso en cada unha das destrezas.

2. *A Proba final de promoción* que se celebrará no mes de xuño, terá un valor porcentual do 70% respecto da nota final do curso en cadansúa destreza. A cualificación final será a media ponderada das cualificacións obtidas na proba de progreso e na proba final de promoción, agás se a cualificación da proba final de promoción é superior á da proba de progreso, ou se o alumno perdeu o seu dereito á avaliación continua, en cuxo caso a cualificación final será a obtida na proba final de promoción.

3. Haberá unha proba extraordinaria de setembro na que os alumnos e alumnas deberán superar as destrezas non aptas en xuño.

No nivel integrado A1-A2, tanto a proba parcial de progreso como a proba final de promoción terán un valor de 100 puntos, e cada unha das súas catro partes, 25 puntos. Para promocionar de curso o alumnado terá que acadar, polo menos, 15 puntos en cada unha das destrezas. Non obstante, o alumnado promocionará de curso se acada un mínimo de 10 puntos nunha das catro destrezas pero logra acadar 60 puntos na totalidade da proba.

As equivalencias a efectos de puntuación numérica serán as seguintes:

60-66 puntos: 5

67-73 puntos: 6

74-80 puntos: 7

81-87 puntos: 8

88-94 puntos: 9

95-100 puntos: 10

Para os demais niveis (B1, B2, C1 e C2), as probas terán un valor de 125 puntos, cada unha das competencias terá un valor de 25 puntos e deberán acadar como mínimo en cada unha delas 12,5 puntos, e un 65% na suma total.

A cualificación do alumnado especificarase cos termos *Non Apto* ou *Apto* e, neste caso, entre paréntese, a cualificación global obtida en números enteiros.

O alumnado matriculado na modalidade presencial poderá, se así o desexa, inscribirse para realizar as probas terminais de certificación en niveis diferentes aos que estea cursando. Para optar a ditas probas terá que aboar as taxas correspondentes.

* Descrición das probas por destrezas

Para medir o grao de dominio acadado en cada unha das catro destrezas, o alumnado debera demostrar un nivel suficiente realizando tarefas ou actividades como as que veñen explicadas a continuación:

· *Comprensión oral*

Tras escoitar un documento audio adaptado ó nivel, o alumno deberá realizar tarefas deste tipo:

- Recoñecer ou relacionar enunciados ou imaxes, debuxos, ordenar viñetas
- Completar cadros, esquemas, táboas
- Realizar trazados seguindo instrucións
- Atopar un lugar seguindo unha descrición
- Ordenar partes dun texto
- Completar textos elixindo a partir de elementos dados
- Emparellar textos e parágrafos
- Tomar notas
- Responder a preguntas de escollo múltiple, de verdadeiro e falso sobre o sentido xeral e informacións puntuais dun texto

- Contestar con respostas breves

· *Comprensión lectora*

Tras ler un documento escrito auténtico adaptado ó nivel, o alumno deberá realizar tarefas deste tipo:

- Responder a preguntas de escolla múltiple, de verdadeiro e falso sobre o sentido xeral e informacións puntuais dun texto.
- Reordenar un texto
- Recolocar informacións desaparecidas dun texto
- Completar un texto con palabras ou frases a elixir entre varias dadas.
- Elixir o resumo correcto dun texto entre varios dados.
- Encontrar nun texto palabras ou expresións correspondentes a unha definición.
- Indicar o tema ou a idea principal entre varios propostos.
- Comparar dous documentos sobre o mesmo tema (semellanzas e diferenzas)

· *Producción, coproducción e mediación oral*

O alumno deberá ser capaz de realizar tarefas deste tipo:

- Diálogos por parellas ou en grupo
- Monólogos (describir experiencias, narrar historias)
- Decribir ou facer un comentario dun debuxo, dunha foto ou viñeta.
- Simular unha situación de comunicación auténtica ou verosímil.
- Expoñer un tema da vida cotiá.
- Intercambiar e xustificar a súa opinión.

· *Producción, coproducción e mediación escrita.*

O alumno deberá ser capaz de realizar tarefas do tipo que se citan a continuación:

- Escribir postais, tarxetas (tarxetas de felicitación, postais de Nadal, de viaxe ou vacacións, etc...)

- Escribir unha carta persoal e informal sinxela.

- Escribir notas, recados, mensaxes.

- Escribir e-mails.

- Responder a cuestionarios ou formularios.

- Escribir un texto onde se describen temas habituais (o lugar onde vive, a súa ocupación, o seu traballo, as persoas que coñece...) con expresións e frases sinxelas.

- Escribir un texto onde describe aspectos da vida cotiá tales como feitos presentes, pasados ou futuros.

- Describir unha foto ou unha viñeta.

- Contar unha historia breve e sinxela en presente, pasado ou futuro.

- Corrixir ou completar unha carta, unha nota ou calquera documento adaptado ao nivel.

O nivel de competencia e o grao de dominio do idioma que se avalía nesta proba, establecerase en referencia ós obxectivos e criterios de avaliación establecidos nos currículos. Os textos e materiais utilizados na proba deben ser auténticos, na medida do posible.

A cualificación da expresión escrita e a expresión oral será decidida por tribunais formados polos dous membros do departamento.

O alumnado oficial que non obteña a cualificación de Apto deberá repetir curso e superar todas as destrezas, pero poderá solicitar unha certificación académica parcial por destrezas superadas.

O alumnado oficial poderá permanecer en cada un dos niveis o dobre de anos establecidos, é dicir catro anos. Logo de esgotadas as convocatorias o alumnado non poderá cursar as ensinanzas en réxime presencial, pero poderá inscribirse para realizar a proba terminal de certificación.

A avaliación das ensinanzas de idiomas de réxime especial ten como obxectivo valorar o grao de dominio que posúe o alumnado como usuario dun idioma determinado e, se

é o caso, adoptar as medidas e as estratexias oportunas para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe co fin de acadar os obxectivos académicos propostos.

A avaliación terá por obxecto cualificar e, de ser o caso, certificar o nivel de competencia comunicativa adquirido polo alumnado como resultado do seu proceso de aprendizaxe.

De xeito que o alumnado afrontará este proceso de avaliación nas seguintes modalidades:

- Avaliación inicial (ou de diagnóstico)
- Avaliación de progreso (ou formativa)
- Avaliación de promoción (ou sumativa)
- Avaliación certificadora
- A autoavaliación

11.1. Avaliación inicial

En todos os cursos e niveis levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado. Esta servirá para que o profesorado coñeza as características do seu alumnado e tamén facilitará que este se familiarice coas características do nivel no que se matriculou.

No caso do nivel A1, a avaliación inicial servirá para determinar se o alumnado parte duns coñecementos previos ou se, pola contra, son aprendices que descoñecen por completo a lingua obxecto de estudo.

11.2. Avaliación formativa

A avaliación formativa refírese ao abano de procedementos e ferramentas que o profesorado e o alumnado empregan de forma continua para observar, reflexionar e garantir o logro dos obxectivos en etapas concretas. Polo tanto, esta avaliación non debe entenderse como unha proba desligada do proceso de aprendizaxe, senón como unha observación e valoración do desenvolvemento das tarefas e actividades deste proceso.

A avaliación formativa ten como obxecto situar o alumnado con respecto á súa meta de aprendizaxe e marcar o camiño para acadala. Este tipo de avaliación aplicarase en todos os cursos.

A avaliación formativa ten especial relevancia no ensino de linguas na EOI. O MECR menciónaa como elemento imprescindible na aprendizaxe de idiomas (MECR, pp. 260-261). A avaliación formativa axuda para orientar e guiar as persoas adultas na adquisición e uso de linguas.

Este tipo de avaliación levarase a cabo de maneira periódica e integrada no propio proceso de aprendizaxe. O profesorado informará o alumnado sobre o seu progreso e favorecerá activamente a adopción das estratexias de modificación ou adaptación máis axeitadas para acadar os obxectivos propostos.

11.3. Avaliación de promoción (ou sumativa)

Esta levarase a cabo nos cursos non certificadores e servirá para determinar se o alumnado foi quen de alcanzar os obxectivos propostos. Este tipo de avaliación terá por obxecto determinar a promoción ao curso inmediatamente superior, sempre que se acade un resultado positivo no conxunto das actividades de lingua; e valorarase o aproveitamento do alumnado, conforme aos criterios e procedementos que, con carácter xeral, estean regulados para todos os centros e para todas as linguas.

11.4. Avaliación certificadora

Este tipo de avaliación levarase a cabo no último curso de cada nivel para obter o certificado correspondente. Servirá para medir o dominio de lingua que posúe o alumnado.

As probas de certificación responderán a un modelo competencial e centraranse en avaliar os obxectivos xerais e específicos do nivel.

11.5. Autoavaliación

A autoavaliación é un instrumento clave no proceso de ensino-aprendizaxe. Autoavaliarse consiste na capacidade do alumnado e do profesorado de xulgar os

logros acadados respecto aos obxectivos establecidos. No caso do alumnado, permite desenvolver a capacidade de aprender a aprender, céntrase nos procesos e aumenta a capacidade de ser responsable da propia aprendizaxe. No caso do profesorado, permite adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe (materiais, metodoloxía, temporalización etc.) ás necesidades do alumnado e ás súas propias.

Con esta finalidade, a programación debe incluír as directrices para levar a cabo a avaliación da práctica docente. O profesorado avaliará o proceso de ensino e a súa propia práctica docente en relación co logro dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias básicas. Para levar a cabo esta avaliación teranse en conta, como mínimo, os seguintes elementos:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e ás necesidades do alumnado
- A aprendizaxe lograda polo alumnado
- As medidas de individualización do ensino
- O desenvolvemento da programación (estratexias de ensino, procedementos de avaliación, organización da aula, aproveitamento dos recursos...)
- A idoneidade da metodoloxía e dos materiais curriculares
- As necesidades de actualización do profesorado (didáctica, lingüística, medolóxica...)
- A coordinación co resto do profesorado

14.6. Mínimos esixibles en diferentes niveis

Un mínimo esixible é o grao de competencia ao que o alumnado debe chegar para demostrar o dominio dun nivel. A cada obxectivo da programación correspóndelle un criterio de avaliación e a cada criterio de avaliación un mínimo esixible. Este mínimo serviranos para fixar unha escala que permita valorar se o alumnado é quen de empregar correctamente outras expresións coa mesma función comunicativa.

| NIVEL | MÍNIMO ESIXIBLES |
|-------|---|
| A1 | <ul style="list-style-type: none"> • <u>Actividades de comprensión de textos orais</u> |

- Comprender a información esencial de textos que aborden temas básicos cotiáns, se se fala a modo e con claridade utilizando expresións e palabras habituais do tema en cuestión, e identificar un cambio de tema.

- Comprender a información esencial de textos gravados breves sobre temas previsibles e básicos, sempre que non haxa distorsión do son e se poidan pedir repeticións e aclaracións, ou escoitalos máis dunha vez.

- Recoñecer as diferentes entoacións dentro dun discurso oral moi básico e de temas cotiáns.

- Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Participar e desenvolverse en conversas con intencións comunicativas moi básicas diversas facéndose entender, utilizando estratexias axeitadas para poder iniciar, manter e rematar o diálogo, producindo un discurso comprensible con expresións moi básicas e adecuado ás características da situación de comunicación.

- Producir un texto oral breve e sinxelo no que se narra e se describe algo ou alguén mediante un repertorio básico de palabras, expresións e estruturas, utilizando un nivel elemental de coherencia e cohesión, cunha pronunciación clara e comprensible, aínda que teña que facer pausas para pensar o que vai dicir e recorrer a reformulacións.

- Realizar presentacións breves, sinxelas e previamente ensaiadas, sobre temas habituais e coñecidos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos oíntes, sempre que estes as repitan cando se lles solicite e axuden coas súas respostas falando claro e a modo.

- Desenvolverse nas relacións sociais reaccionando coa expresión de actitudes e sentimentos de contento, satisfacción, decepción, interese, desinterese, esperanza, preferencia, admiración, sorpresa e tristeza, con expresións sinxelas e habituais, e respectando as normas de cortesía.

- Expresarse intelixiblemente e solicitar a colaboración do interlocutor e responder igualmente á petición deste para asegurar a comprensión e o mantemento da comunicación.

- Actividades de comprensión de textos escritos

| | |
|----|---|
| | <ul style="list-style-type: none"> - Comprender instrucións, indicacións e información moi básica en lugares dos ámbitos públicos e de estudo, así como en páxinas web de estrutura moi sinxela, que contén con apoio visual. - Comprender correspondencia persoal breve, redactada en lingua estándar e cun vocabulario sinxelo. - Utilizar a ortografía adecuada, así como a puntuación e o tipos de formatos máis común. <ul style="list-style-type: none"> • <u>Actividades de produción e coprodución de textos escritos</u> - Facer descrições moi breves e básicas de lugares, obxectos e persoas mediante frases e oracións sinxelas, co léxico propio da descrición de características físicas e psicolóxicas elementais, pero precisa. - Escribir correspondencia breve e sinxela empregando o vocabulario axeitado para dar e obter información sobre temas frecuentes. - Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizalos seguindo textos modelo. <ul style="list-style-type: none"> • <u>Actividades de mediación</u> - Ser capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento. - Identificar, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas dos/as emissores/as e receptores/as cando este aspecto é relevante. - Repetir ou reformular o dito de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas. - Tomar notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlles ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información. |
| A2 | <ul style="list-style-type: none"> • <u>Actividades de comprensión de textos orais</u> |
| | <ul style="list-style-type: none"> - Comprender o sentido global de conversas e a información esencial de |

textos que aborden temas básicos cotiáns, se se fala a modo e con claridade utilizando expresións e palabras habituais do tema en cuestión, e identificar un cambio de tema.

- Comprender a información esencial de textos gravados breves, así como conversas telefónicas, sobre temas previsibles e básicos, sempre que non haxa distorsión do son e se poidan pedir, se é o caso, repeticións e aclaracións, ou escoitalos máis dunha vez.

- Recoñecer as diferentes entoacións dentro dun discurso oral básico e de temas cotiáns.

- Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Participar e desenvolverse en conversas con intencións comunicativas básicas diversas facéndose entender, utilizando estratexias axeitadas para poder iniciar, manter e rematar o diálogo, producindo un discurso comprensible con expresións básicas e adecuado ás características da situación de comunicación.

- Producir un texto oral breve e sinxelo no que se narra e se describe algo ou alguén mediante un repertorio básico de palabras, expresións e estruturas, utilizando un nivel elemental de coherencia e cohesión, cunha pronunciación clara e comprensible, aínda que teña que facer pausas para pensar o que vai dicir e recorrer a reformulacións.

- Realizar presentacións breves, sinxelas e previamente ensaiadas, sobre temas habituais e coñecidos, respondendo a preguntas breves e sinxelas dos oíntes, sempre que estes as repitan cando se lles solicite e axuden coas súas respostas falando claro e a modo.

- Desenvolverse nas relacións sociais reaccionando coa expresión de actitudes e sentimentos de contento, satisfacción, decepción, interese, desinterese, esperanza, preferencia, admiración, sorpresa e tristeza, con expresións sinxelas e habituais, e respectando as normas de cortesía.

- Expresarse intelixiblemente e solicitar a colaboración do interlocutor e responder igualmente á petición deste para asegurar a comprensión e o mantemento da comunicación.

- Actividades de comprensión de textos escritos

- Comprender instrucións, indicacións e información básica en lugares dos ámbitos públicos e de estudo, así como en páxinas web de estrutura moi sinxela, que contén con apoio visual.

- Comprender correspondencia persoal breve, redactada en lingua estándar e cun vocabulario sinxelo.

- Utilizar a ortografía adecuada, así como a puntuación e o tipos de formatos máis común.

- Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- Escribir descrições moi breves e básicas de lugares, obxectos e persoas mediante frases e oracións sinxelas, e co léxico propio da descrição de características físicas e psicolóxicas elementais, pero precisa. Narrar de forma sinxela e breve feitos e experiencias, así como expoñer plans e presentar proxectos de xeito moi elemental e relacionados con temas cotiáns.

- Escribir correspondencia breve e sinxela empregando o vocabulario axeitado para dar e obter información sobre temas frecuentes.

- Utilizar elementos coñecidos lidos nun texto escrito para elaborar os propios textos, e organizalos seguindo textos modelo.

- Actividades de mediación

- Ser capaz de actuar tendo en conta os aspectos básicos xerais da comunidade de falantes, aínda que poida cometer incorreccións no seu comportamento.

- Identificar, aplicando as estratexias necesarias, a información clave que debe transmitir, así como as intencións básicas dos/as emisores/as e receptores/as cando este aspecto é relevante.

- Repetir ou reformular o dito de maneira máis sinxela para facerlle máis comprensible a mensaxe ás persoas receptoras, podendo axudarse de elementos non lingüísticos ou da colaboración doutras persoas.

- Tomar notas moi breves coa información necesaria que considera importante trasladarlles ás persoas destinatarias, podendo facer preguntas sinxelas para obter esta información.

B1

- Actividades de comprensión de textos orais

- Comprender a información esencial de conversas ou discusións articuladas con claridade, pausadamente e en lingua estándar, en que se traten temas cotiáns (necesidades materiais, sensacións físicas e sentimentos, opinións e experiencias persoais) relacionados co traballo, os estudos e o tempo de lecer.

- Comprender, sen entrar en detalles, monólogos en conferencias e presentacións, sinxelos e non moi longos, sobre temas coñecidos, sempre que se desenvolvan en lingua estándar, cunha pronuncia clara e se fale a modo.

- Captar as ideas principais e algún detalle específico de textos audiovisuais ou doutro material gravado sinxelo que traten temas coñecidos, cando se articulen con relativa lentitude e claridade, e identificar opinións e actitudes expresadas nunha linguaxe sen connotacións rexionais ou sociais.

- Seguir as instrucións de funcionamento de aparellos de uso frecuente sempre que a información técnica sexa sinxela e ordenada e se poida escoitar máis dunha vez.

- Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, extrapolando do contexto lingüístico e non lingüístico o significado de termos descoñecidos e deducindo o significado das oracións.

- Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Iniciar, manter e finalizar, espontaneamente e con certa seguridade, conversas e discusións cara a cara, sobre temas cotiáns de interese persoal ou pertinentes para a vida diaria, comunicándose cun repertorio lingüístico sinxelo aínda que ás veces precise facer pausas para pensar o que se quere dicir.

- Manifestar puntos de vista e opinións persoais expresando con amabilidade crenzas, opinións, acordos e desacordos sobre temas do seu interese persoal e profesional, así como explicar proxectos sinxelos

e solicitar as opinións e puntos de vista doutros, interaccionando con relativa fluidez e espontaneidade.

- Desenvolverse nas transaccións e xestións máis comúns da vida cotiá intercambiando e confirmando información con certo detalle e dando instrucións ou solucións para problemas prácticos, sempre que os seus interlocutores falen con claridade e se empregue unha lingua estándar.

- Intercambiar información detallada de forma sinxela sobre persoas, obxectos, lugares e acontecementos e sobre unha variedade de asuntos que lle son familiares, dentro do seu campo de interese, cun repertorio léxico adecuado.

- Facer exposicións breves e ensaiadas con relativa fluidez e responder a preguntas sinxelas, en lingua estándar, que soliciten aclaracións ou ampliación da información.

- Seguir unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, realizando preguntas complementarias ou respondendo a elas, sempre que se manteñan dentro do ámbito predicible da interacción.

- Interactuar de maneira cooperativa, cunha relativa fluidez, con corrección suficiente e pronuncia claramente intelixible para poder ser comprendido, malia un forte acento estranxeiro.

- Actividades de comprensión de textos escritos

- Localizar e comprender información relevante en textos sinxelos de uso cotián, redactados en lingua estándar e referidos a necesidades inmediatas tanto do ámbito persoal como do profesional ou público.

- Comprender textos sinxelos con descrições de persoas, obxectos, lugares ou dos procesos máis comúns, que traten sobre temas relacionados co seu campo de interese, sempre que o léxico utilizado non sexa especializado.

- Comprender o contido de correspondencia persoal usual que relate acontecementos ou describa sentimentos e desexos, en papel ou soporte dixital, en lingua estándar e nun rexistro informal.

- Comprender instrucións técnicas sinxelas relativas a aparellos de uso

habitual, escritas con claridade e presentadas coa axuda de soporte visual.

- Recoñecer información xeral e detalles relevantes de artigos xornalísticos sinxelos en lingua estándar, como noticias, entrevistas, cartas ao director, reportaxes, etc., que traten temas coñecidos e ligados á cultura do idioma en cuestión e que estean ben estruturados, identificando o esquema narrativo e argumentativo malia que non comprenda todos os detalles.

- Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- Escribir notas solicitando ou dando información de carácter inmediato e salientando os aspectos que lle resultan importantes.

- Escribir textos narrativos e descritivos, sinxelos, coherentes e ben estruturados, sobre feitos e acontecementos concretos relativos a asuntos cotiáns ou sobre temas do seu campo de interese.

- Escribir informes moi breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos habituais.

- Tomar notas, facendo unha listaxe dos aspectos importantes, durante unha conferencia breve en lingua estándar, sempre que o tema sexa coñecido e o discurso se formule dun modo sinxelo e se articule con claridade.

- Resumir breves fragmentos de información de diversas fontes redactados en lingua estándar.

- Comunicar con eficacia as ideas principais que se queren transmitir limitando a mensaxe ós coñecementos que se posúen ou, se é o caso, ós medios dispoñibles.

- Actividades de mediación

- Ser capaz de facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos.

- Ser capaz de facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito

| | |
|-------------|---|
| | <p>persoal e público, acomódase ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Tomar notas coa información necesaria que considera importante, trasládaa ás persoas destinatarias ou solicítala con anterioridade para tela dispoñible. - Identificar e reelaborar por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con claridade e eficacia. |
| B2.1 | <ul style="list-style-type: none"> • <u>Actividades de comprensión de textos orais</u> - Identificar o sentido xeral e os detalles específicos de conversas e discusións informais sobre temas cotiáns ou relacionados co traballo, desenvolvidas cunha pronuncia clara, en lingua estándar e a velocidade media. - Comprender o necesario en conversas formais e reunións de traballo que versen sobre a súa especialidade, sempre que o tema lle resulte familiar e estea estruturado con claridade, se fale a unha velocidade normal e se eviten moitos usos idiomáticos. - Seguir as instrucións de funcionamento de aparellos de uso frecuente sempre que se poidan escoitar máis dunha vez. - Seguir a información esencial dun debate longo, sempre que o discurso estea articulado con claridade e a velocidade media, en lingua estándar, nun rexistro formal que pode conter termos cultos de uso común e non especializados. - Comprender o contido da información da maioría dos textos audiovisuais ou material gravado que trate temas coñecidos ou de carácter previsible, articulados de forma relativamente lenta e clara. - Comprender películas e representacións teatrais, sempre que os elementos visuais e a acción conduzan gran parte do argumento e que se articulen con claridade e cun nivel de lingua sinxelo. - Utilizar estratexias que faciliten a comprensión, utilizando claves lingüísticas e non lingüísticas. |

- Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Iniciar, manter e rematar espontaneamente conversas e discusións sobre temas de interese persoal ou relacionados coa súa especialidade, valéndose dun repertorio lingüístico sinxelo, pero eficaz, amosando unha certa seguridade, e comprendéndoas sen dificultade, se se fala en lingua estándar e cunha velocidade media.

- Desenvolverse con relativa seguridade e fluidez en transaccións da vida cotiá, enfrontándose a situacións menos correntes, argumentando ou explicando o motivo dun problema se se ten a cooperación do interlocutor.

- Intercambiar, en discusións formais e reunións de traballo, puntos de vista con precisión e relativa fluidez, ofrecendo breves razoamentos e explicacións nunha lingua estándar e en rexistro formal e con estruturas e léxico sinxelos, pero adecuados á situación de comunicación.

- Realizar, con facilidade e en lingua estándar, narracións, descrições e presentacións de experiencias, sentimentos e reaccións, acontecementos e contidos diversos, e expresar con razoable fluidez ideas e opinións sobre temas que excedan a vida cotiá.

- Facer unha presentación breve e preparada sobre un tema coñecido ou do seu interese, en lingua estándar, clara e ben estruturada, salientando as ideas principais cunha precisión suficiente e respondendo a preguntas aclaratorias ou complementarias aínda que necesite repeticións.

- Seguir unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, confirmando a información, realizando preguntas complementarias ou respondendo a elas, tomando a iniciativa de cambio temático e tamén facéndolle comentarios ao interlocutor.

- Interactuar de maneira cooperativa, cunha relativa fluidez, con corrección suficiente e pronuncia claramente intelixible para poder ser comprendido, malia o acento estranxeiro.

- Actividades de comprensión de textos escritos

- Localizar e comprender información específica en textos usuais de uso

cotián, tanto do ámbito persoal como profesional ou público.

- Recoñecer a liña argumental xeral de textos literarios contemporáneos breves e sinxelos e comprender textos dialogados breves en sketches teatrais ou guións, sempre que estean escritos en lingua estándar e que o léxico, amplo, non conteña demasiados usos idiomáticos.

- Localizar e identificar información relevante para unha tarefa específica en diferentes textos extensos–en papel ou soporte dixital–, redactados en lingua estándar, que poden conter termos cultos usuais e non especializados.

- Comprender instrucións sinxelas relativas a un aparello escritas con claridade en papel ou soporte dixital.

- Identificar información relevante e as conclusións principais de textos informativos, narrativos e argumentativos, en papel ou soporte dixital, escritos con claridade en lingua estándar e que traten temas coñecidos ou de actualidade.

- Comprender a información relevante dos textos, mediante claves lingüísticas e non-lingüísticas.

- Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- Escribir correspondencia persoal sinxela e breve na que se solicite información, se expresen sentimentos, reaccións, desexos e aspiracións e se expliquen problemas con razoable precisión, utilizando un repertorio léxico e un rexistro axeitados á situación de comunicación.

- Resumir información de diversas fontes, así como parafrasear breves pasaxes utilizando a ordenación do texto orixinal.

- Escribir textos narrativos e descritivos coherentes e ben estruturados en lingua estándar, sobre temas tanto concretos como abstractos do seu campo de interese.

- Escribir informes breves e sinxelos en formato convencional con información sobre feitos comúns, dando o fundamento de determinadas accións.

- Comunicar con eficacia as ideas principais que se queren transmitir

| | |
|-------------|--|
| | <p>limitando a mensaxe aos coñecementos que se posúen ou, se é o caso, aos medios de que se dispón.</p> <ul style="list-style-type: none"> • <u>Actividades de mediación</u> <p>- Facilitar a comprensión entre falantes da lingua meta ou de distintas linguas transmitindo informacións, opinións e argumentos sinxelos.</p> <p>- Facilitar a interacción entre persoas coñecidas no ámbito persoal e público, acomódase ao rexistro e ás funcións requiridas, aínda que non sempre o faga de xeito fluído.</p> <p>- Tomar notas coa información necesaria que considera importante, trasládaa ás persoas destinatarias ou solícitaa con anterioridade para tela dispoñible.</p> <p>- Identificar e reelabora por escrito a información básica ou complementaria que necesita e transmite a mensaxe con claridade e eficacia.</p> |
| B2.2 | <ul style="list-style-type: none"> • <u>Actividades de comprensión orais</u> <p>- Comprender discursos e conferencias extensos, así como outras presentación propias dos ámbitos público profesional e académico, seguindo incluso liñas argumentais complexas, sempre que o tema sexa relativamente coñecido, a organización do discurso inclúa marcadores discursivos explícitos e a súa secuencia estea claramente estruturada por parte do falante.</p> <p>- Comprender unha variedade ampla de textos audiovisuais: programas de radio ou de televisión, representacións teatrais e outros textos audiovisuais en lingua estándar, gravados ou retransmitidos por medios técnicos (radio, televisión, Internet, etc.), así como a maioría das películas; e identificar as opinións e as actitudes expresadas explicitamente polos falantes xunto co contido informativo ou factual do texto.</p> <p>- Seguir sen dificultade os pormenores do que se lle di directamente no contexto dunha interacción con falantes que empregan a lingua estándar, aínda que no ambiente haxa ruído de fondo.</p> |

- Comprender con precisión textos que conteñan informacións de carácter práctico e aplicación inmediata (avisos, mensaxes, instrucións, etc.) en situacións diversas referidas aos ámbitos persoal, público, profesional e académico, mesmo con restricións debidas condicións externas (ruídos, interferencias ou distorsións leves).

- Actividades de produción e coprodución de textos orais

- Realizar presentacións e declaracións claras e detalladas, sobre unha ampla gama de temas xerais ou relacionados coa súa especialidade, aportando descrições e argumentos con claridade, precisión e axustando as conclusións ás cadeas argumentais, salientando adecuadamente os aspectos máis significativos e ofrecendo detalles relevantes que sosteñan a intervención, con notábel fluidez, e certa facilidade de expresión y sendo capaz de desviarse con naturalidade do texto preparado.

- Participar activamente en conversas, discusións e debates extensos, sobre a maioría de temas xerais e da súa profesión, para intercambiar información complexa e consellos, expresar as súas ideas e opinións, presentando liñas argumentais con eficacia, especulando sobre causas e consecuencias e recapitulando o dito polos diferentes interlocutores.

- Expoñer unha situación, explicar as súas ideas e propostas, convidando, se é o caso, as outras persoas a participar, e negociar desenvolvendo a súa argumentación mediante unha linguaxe persuasiva e establecendo con claridade os límites de calquera concesión que se estea disposto a facer.

- Participar en entrevistas, como entrevistador ou como entrevistado, sexa preparando e formulando adecuadamente as preguntas para obter a información máis oportuna e seguir un guiión flexible que, partindo dun esquema base, permita conseguir fluidez, e orientando a conversación de acordo co tipo de entrevistado, sexa mostrando un interese amable polo tema da entrevista e polo entrevistador, respondendo en forma completa ás preguntas, tomando a iniciativa, dando respostas relevantes e pechando positivamente a interacción.

- Expresarse apropiadamente nun rexistro formal e informal adecuado

ás diversas situacións de comunicación, respectando as regras prosódicas – acento, ritmo e entoación- propias do idioma de que se trate, con fluidez, cunha pronunciación clara e natural, cun bo control gramatical e precisión léxica, utilizando estratexias de cooperación na interacción e sen erros importantes de formulación.

- Actividades de comprensión de textos escritos

- Identificar e comprender detalles específicos de textos que conteñan instrucións longas e complexas relativas ao ámbito persoal, público, educativo e profesional, nas que se consideren condicións, advertencias, consecuencias e situacións hipotéticas, aínda que precise reler varias veces as pasaxes mais complexas.

- Identificar información global e detallada en xornais, revistas, guías, páxinas web, prospectos, novelas, cómics, blogs, etc. nos que se adoptan posturas ou puntos de vista concretos perante acontecementos ou problemas, se especule sobre causas e efectos, se avalíen propostas alternativas e vantaxes e desvantaxes de varias opcións ou teorías.

- Comprender información esencial e detalles relevantes en cartas, faxes, correos electrónicos, outras formas de interacción escrita nas que aparezan queixas, reclamacións, peticións, concesións, negociacións, citacións, etc. E que versen sobre temas da vida social, persoal e da propia especialidade e saber reaccionar adecuadamente.

- Localizar rápida e facilmente o significado esencial tanto en noticias breves como en artigos, informes, etc. extensos e complexos sobre temas concretos e abstractos e deducir a información máis relevante para levar a cabo as intencións comunicativas dunha tarefa que se lle solicite nos ámbitos persoal, público, profesional e educativo.

- Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- Escribir textos expositivos, explicativos e argumentativos nos que se doutras persoas; ou se solicite ou transmita información salientando os aspectos que se consideran importantes e aportando detalles e exemplos adecuados e expresándose con concisión, precisión y adecuación.

- Escribir cartas comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos e establecendo unha relación con puntos de vista doutras persoas; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación.
- Redactar un informe claro e detallado sobre temas xerais ou relacionados coa súa especialidade expoñendo información e avaliándoa mediante argumentos a favor ou en contra, salientando os aspectos significativos, explicitando as vantaxes e inconvenientes de diferentes opcións e formulando propostas ou conclusións cunha linguaxe clara e persuasiva na que os problemas de intelixibilidade son pouco frecuentes.
- Redactar textos que sintetizen outros textos destacando os aspectos máis importantes, organizando a información de forma xerárquica, salientando palabrasclave e diferenciando entre ideas principais e secundarias
- Resumir fragmentos de noticias, entrevistas ou documentais que conteñan opinións, argumentos e análises.
- Verificar a capacidade de producir textos como actas convocatorias, regulamentos sinxelos e resúmenes que sintetizen información manexada ou recibida previamente, utilizando un rexistro axeitado.
- Tomar notas con palabras clave, abreviaturas, esquemas, mapas semánticos, etc. que reflectan os aspectos máis importantes e as palabras clave daquilo do que se tomaron apuntes (unha declaración ou exposición de calquera ámbito social, ou durante o visionado dun documento ou acontecemento).
 - Actividades de mediación
- Transmitir de maneira oral e con suficiencia tanto a información como, se é o caso, o ton e as intencións dos e das falantes ou autores/as - sempre que se fale sobre temas coñecidos- de maneira organizada e en lingua estándar.

| | |
|-------------|--|
| | <ul style="list-style-type: none"> - Reelaborar documentos claros, en lingua estándar, de temas coñecidos procedentes dos medios de comunicación (orais e escritos) e sabe superar as diferenzas con respecto ás linguas e culturas propias e os estereotipos. - Repetir ou reformular a información de maneira máis sinxela para facérllela máis comprensible ás persoas receptoras. - Organizar adecuadamente a información que pretende ou debe transmitir e detallala de xeito satisfactorio para poder comunicala novamente con claridade e eficacia. |
| C1.1 | <ul style="list-style-type: none"> • <u>Actividades de comprensión de textos orais</u> <ul style="list-style-type: none"> - Comprender o que se pretende comunicar co fin de sacar as conclusións apropiadas. - Recoñecer, segundo o contexto e en distintos rexistros (familiar, informal, formal ou neutro), a intención e o significado dun amplo repertorio de actos de fala. - Ser capaz de seguir un discurso extenso aínda que non estea claramente estruturado. - Recoñecer expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións e matices de significado, aínda que poida necesitar unha repetición se o acento non lle resulta familiar. - Percibir as variedades fonético-fonolóxicas estándar propias da lingua e recoñece matices de significado • <u>Actividades de produción e coprodución de textos orais</u> <ul style="list-style-type: none"> - Utilizar o idioma con flexibilidade e eficacia para fins sociais, adaptando o que di e os medios de expresalo á situación, ao/á receptor/a e a formalidade requirida. - Expresar o que quere dicir, superando dificultades ocasionais que poida ter. - Desenvolver argumentos detallados de maneira sistemática e ben estruturada, relacionando lóxicamente os puntos principais, resaltando |

os puntos importantes, desenvolvendo aspectos específicos e concluíndo adecuadamente.

- Rebater os argumentos das persoas interlocutoras de maneira convincente e apropiada, intervindo de forma fluída e espontánea.

- Expresar cun alto grao de corrección de modo consistente.

- Dominar un amplo repertorio léxico, incluíndo expresións idiomáticas e coloquiais, que lle permiten superar posibles carencias.

- Ser quen de iniciar, manter e rematar unha conversa de maneira apropiada e fluída, respectando as quendas de palabra e tamén valéndose das intervencións dos/as outros/as interlocutores/as.

- Expoñer preguntas para comprobar que comprendeu o que a persoa interlocutora quixo dicir e consegue aclaración dos aspectos ambiguos.

- Adaptar os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

- Producir un texto oral coherente e cohesionado a partir dunha diversidade de textos fonte.

- Transmitir de xeito oral e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

- Variar a entoación e coloca a énfase da oración correctamente para expresar matices de significado, mantendo a articulación propia da variedade estándar da lingua meta.

- Actividades de comprensión de textos escritos

- Comprender o que se pretende ou o que se lle require en cada caso.

- Identificar con rapidez o contido e a importancia de textos dunha ampla serie de temas profesionais ou académicos.

- Localizar detalles relevantes en textos extensos e complexos.

- Recoñecer a intención e o significado do propósito comunicativo,

segundo o contexto, o xénero e o tipo de texto.

- Localizar a información ou segue o fío da argumentación nun texto de estrutura discursiva complexa ou nun que non estea perfectamente estruturado, no que as relacións e conexións non sempre se expresen con marcadores explícitos.

- Recoñecer expresións idiomáticas e coloquiais, e aprecia connotacións de significado, aínda que en ocasións poida que necesite consultar un dicionario.

- Comprender, segundo o contexto, o xénero e o tipo textual, os significados asociados a unha ampla gama de estruturas sintácticas da lingua escrita.

- Comprender as intencións comunicativas expresadas mediante o uso dunha ampla gama de convencións ortotipográficas, tanto en soporte papel como dixital.

- Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- Escribir textos complexos extensos, mostrando un dominio dos recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con eficacia e precisión.

- Redactar un texto e adáptao á situación requirida.

- Presentar ideas e puntos de vista con fin de destacalos, diferencialos e eliminar posibles ambigüidades.

- Utilizar estruturas sintácticas que lle permiten expresarse con precisión, e mantén un alto grao de corrección.

- Utilizar as convencións ortotipográficas propias da lingua para producir textos escritos nos que a estrutura, a distribución en parágrafos e a puntuación son apropiadas. A ortografía é correcta, salvo descoidos tipográficos de carácter esporádico.

- Adaptar os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, as persoas receptoras e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

- Producir un texto escrito coherente e cohesionado a partir de diversos

textos fonte.

- Saber facer unha cita e utiliza as referencias seguindo as convencións, segundo o ámbito e contexto comunicativos (p. ex. nun texto académico).

- Transmitir de maneira escrita e con claridade os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

- Actividades de mediación

- Facer uso dun coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.

- Adaptar os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación, os/as receptores/as e a canle, sen alterar a información e as posturas orixinais.

- Producir un texto (oral ou escrito) coherente e cohesionado a partir de diversos textos fonte.

- Transmitir de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.

- Xestionar con flexibilidade a interacción entre as partes para procurar que flúa a comunicación, axudando a expresar con claridade as posturas e a desfacer malentendidos; e volve, sempre que se precise, sobre os aspectos importantes, iniciando outros temas ou recapitulando para organizar a discusión, e orientándoa cara á resolución da cuestión.

| | |
|-------------|--|
| | |
| C1.2 | <ul style="list-style-type: none"> • <u>Actividades de comprensión de textos orais</u> <p>-Comprender información específica en declaraciones e anuncios públicos que teñen pouca calidade e un son distorsionado; por exemplo, nunha estación ou nun estadio.</p> <p>-Comprender información técnica complexa, como por exemplo, instrucións de funcionamento, especificacións de produtos e servizos cotiáns.</p> <p>-Comprender información complexa e consellos sobre todos os asuntos relacionados coa súa profesión ou as súas actividades académicas.</p> <p>-Comprender con relativa facilidade a maioría das conferencias, charlas, discusións e debates sobre temas complexos de carácter profesional ou académico.</p> <p>-Comprender unha ampla gama de material gravado e retransmitido, incluíndo algún uso fóra do habitual, e identificar por menores e sutilezas como actitudes e relacións implícitas entre os falantes.</p> <p>-Comprender películas que conteñen unha cantidade considerable de argot ou linguaxe coloquial e de expresións idiomáticas.</p> <p>-Comprender os detalles de conversas e debates de certa lonxitude</p> |

entre terceiras persoas, incluso sobre temas abstractos, complexos ou descoñecidos, e captar a intención do que se di.

-Comprender conversas de certa lonxitude en as que participa aínda que non estean claramente estruturadas e a relación entre as ideas sexa soamente implícita.

- Actividades de produción e coprodución de textos orais

-Facer declaracións públicas con fluidez, case sen esforzo, usando certa entoación para transmitir matices sutís de significado con precisión.

-Realizar presentacións claras e ben estruturadas sobre un tema complexo, ampliando con certa extensión, integrando outros temas, desenvolvendo ideas concretas e defendendo os seus puntos de vista con ideas complementarias, motivos e exemplos adecuados, e terminando

con unha conclusión apropiada, así como responder espontaneamente e sen apenas esforzarse ás preguntas da audiencia.

-Participar dunha maneira plena nunha entrevista, como entrevistador o entrevistado, ampliando e desenvolvendo as ideas discutidas con fluidez e sen apoio e facendo un bo uso das interxeccións e outros mecanismos para expresar reaccións e manter o bo desenvolvemento do discurso.

-En transaccións e intercambios para obter bens e servizos, negociara solución de conflitos e desenvolver a súa argumentación no caso de danos e prexuízos, utilizando una linguaxe persuasiva para reclamar unha indemnización, e establecer con claridade os límites de calquera concesión que estea disposto a realizar.

-Participar activamente en conversas e discusións formais animadas nas que se traten temas abstractos, complexos e descoñecidos, identificando con precisión os argumentos dos diferentes puntos de vista, argumentando a súa postura formalmente, con precisión e convicción, respondendo a preguntas e comentarios e contestando de forma fluída, espontánea e axeitada a argumentacións complexas contrarias.

-Participar activamente en conversacións informais animadas que traten

temas abstractos, complexos e descoñecidos, expresando as súas ideas e opinión con precisión, presentando liñas argumentais complexas de maneira convincente e respondendo ás mesmas con eficacia.

- Actividades de comprensión de textos escritos

- Comprender con todo detalle instrucións extensas e complexas sobre aparatos e procedementos novos, tanto seas instrucións se relacionan coa súa especialidade coma se non, sempre que poida volver a ler as sección difíciles.

- Comprender calquera correspondencia facendo un uso esporádico do dicionario.

- Comprender con todo detalle artigos, informes e outros textos extensos e complexos no ámbito social, profesional ou académico, e identificar detalles sutís que inclúan actitudes e opinión tanto implícitas como explícitas.

- Comprender sen dificultade textos literarios contemporáneos extensos e captar a mensaxe, as ideas ou conclusións implícitas.

- Actividades de produción e coprodución de textos escritos

- Escribir informes, artigos e ensaios claros e ben estruturados sobre temas complexos resaltando as ideas principais, ampliando concerta extensión, defendendo puntos de vista con ideas complementarias, motivos e exemplos adecuados, e rematando cunha conclusión apropiada.

- Escribir textos de ficción de maneira clara, detallada e ben estruturada, cun estilo convincente, persoal e natural, apropiados para os lectores aos que vai dirixidos.

- Tomar notas detalladas durante unha conferencia, curso ou seminario que trate temas da súa especialidade, transcribindo a información de forma tan precisa e preto ao orixinal que as notas tamén poderían ser útiles para outras persoas.

- Escribir correspondencia persoal, independentemente do soporte, na que se expresa con claridade, detalle e precisión e relacionase coa persoa destinataria con flexibilidade e eficacia, incluíndo usos de

| | |
|--|---|
| | <p>carácter emocional, alusivo e humorístico.</p> <p>-Escribir correspondencia formal coa corrección debida e axustándose ás convencións que requiren a situación, a persoa destinataria e o formato.</p> <ul style="list-style-type: none"> • <u>Actividades de mediación</u> <p>-Facer uso d'un coñecemento concreto dos aspectos socioculturais e sociolingüísticos propios das culturas nas que se fala o idioma.</p> <p>-Adaptar os textos ao propósito comunicativo, respectando a situación e os receptores sen alterar a información e as posturas orixinais.</p> <p>-Producir un texto coherente e cohesionado a partir de textos fonte. Sabe citar as fontes segundo o ámbito e contexto comunicativo.</p> <p>-Transmitir de xeito oral ou escrito os puntos destacados e máis relevantes dos textos fonte, así como todos os detalles que considera importantes en función dos intereses e necesidades das persoas destinatarias.</p> <p>-Xestionar con flexibilidade a interacción entre as partes para que flúa a comunicación.</p> |
|--|---|

12. RECURSOS

Na actualidade, hai dispoñibles moitos e moi diversos materiais didácticos destinados ao ensino e á aprendizaxe das linguas. Na súa utilización resulta imprescindible realizar unha selección baseada nos obxectivos e contidos das programacións didácticas e no enfoque comunicativo.

No uso dos recursos destacará o feito de que estes sexan, na medida do posible, auténticos e se empreguen co fin de materializar situacións reais do uso da lingua.

A utilización de material creado explicitamente con fins didácticos, como por exemplo os libros de texto, responderá ás necesidades do proceso de aprendizaxe e non excluírá o uso de materiais auténticos.

12.1. Humanos

Durante o curso académico 2023/2024 o profesorado encargado de impartir a docencia na EOI de Viveiro serán:

- José Manuel Mercado Navas (Xefe de Departamento)
 - Nivel B1
 - Nivel B2.1
 - Nivel B2.2
- Ana Díaz Portela
 - Nivel A1
 - Nivel A2

12.2. Físicos

- As aulas
- A biblioteca
- As saídas e actividades culturais

12.3. Materiais

- Libros de texto

| | |
|----------|--|
| Nivel A1 | <u>Édito A1</u> Les Éditions Didier <ul style="list-style-type: none">- Livre de l'élève- Cahier d'activités |
|----------|--|

| | |
|------------|---|
| Nivel A2 | <u>Édito A2</u> Les Éditions Didier <ul style="list-style-type: none"> - Livre de l'élève - Cahier d'activités |
| Nivel B1 | <u>Édito B1</u> Les Éditions Didier <ul style="list-style-type: none"> - Livre de l'élève - Cahier d'activités |
| Nivel B2.1 | <u>Édito B2</u> (Unités 1-6) Les Éditions Didier, Paris 2018 <ul style="list-style-type: none"> - Livre de l'élève - Cahier d'activités |
| Nivel B2.2 | <u>Édito B2</u> (Unités 7-12) Les Éditions Didier, Paris 2018 <ul style="list-style-type: none"> - Livre de l'élève - Cahier d'activités |
| Nivel C1.1 | <u>Talents C1/C2</u> (Unités 1-2) CLE International – Anaya <ul style="list-style-type: none"> - Livre de l'élève - Cahier d'activités |

| | |
|-------------|---|
| Nivel C1.2. | <u>Talents C1/C2</u> (Unités 3-4) CLE International groupe Anaya - Livre de l'élève - Cahier d'activités |
|-------------|---|

- Encerados dixitais, libros dixitais, as contornas e comunidades virtuais, fragmentos de series/películas e música como material real
- Dicionarios
 - *Diccionario bilingüe: Larousse compact*
 - *Micro Robert*
 - *Dictionnaire du français d'aujourd'hui* - Larousse
- Gramáticas
 - *Grammaire expliquée du français* - Clé International
 - *Grammaire progressive du français* -niveau débutant - Clé international
 - *Grammaire – Entraînez-vous* - niveau débutant - Hachette
 - *Premiers exercices de grammaire* - Hatier
 - *Exercices de grammaire en contexte* - niveau débutant - Hachette
 - *Précis de conjugaison* – Clé international
 - *La conjugaison pour tous* - Bescherelle - Hatier
- Léxico
 - *Vocabulaire progressif du français avec 250 exercices*. Clé International
 - *Exerçons-nous – vocabulaire illustré* - 350 exercices - Clé international
- Revistas e prensa en liña
 - *L'Express*.

- *Le Nouvel Observateur.*
 - *Paris Match.*
 - *L'Événement du jeudi.*
 - *Le Monde hebdomadaire.*
 - *Libération.*
 - *Les clés de l'actualité.*
 - *Le Figaro*
-
- As TIC
 - Subscricións (revistas, xornais, recursos en liña etc.)
 - Material de consulta ou de lectura, audiovisuais e outros
 - Materiais creados polo profesorado do departamento
 - Materiais existentes no centro á disposición do alumnado e do profesorado (na biblioteca, na sala de lectura, na aula de recursos etc.)

ANEXOS

Modelo de unidade didáctica

| Unidade didáctica 6: Vive la France! | | | |
|--------------------------------------|---|---|--|
| Nivel | Intermedio B1 | | Temporalización 4 sesións de 120 minutos (1º/2º cuadr.) |
| Recursos didácticos | Libros de texto; fotocopias; audios e vídeos de Internet. | | Modalidade de traballo Individual e grupos |
| Obxectivos | CTO | 1. Comprender as ideas principais dunha conversa telefónica. 2. Comprender as información referidas á reserva dun cuarto. | |
| | CTE | 3. Comprender información e instrucións contidas en páxinas web. 4. Comprender instrucións sinxelas, con axuda de soporte visual. | |
| | PCTO | 5. Intervir nunha conversa telefónica e solicitar información sobre as características do cuarto e a forma de pagamento. 6. Dar información xeral e detallada sobre a identificación persoal e as características da transacción. | |
| | PCTE | 7. Cubrir impresos e formularios, seguindo modelos convencionais. 8. Redactar un texto breve onde se solicite información e se fagan peticións. | |
| | MEDIACIÓN | 9. Interpretar e resumir os detalles relevantes da transacción feita por Internet. 10. Tomar notas escritas sinxelas para terceiras persoas, recollendo os puntos máis relevantes dunha conversa telefónica. | |
| Competencias e contidos | I. Socioculturais e lingüísticos. | II. Estratéxicos | III. Funcionais |
| | <ul style="list-style-type: none"> - Identificación dos elementos socioculturais presentes nos distintos textos. - Identificación das convención sociais propias da lingua estudada. - Recoñecemento dos usos e costumes da cultura estudada e contraste coa propia cultura. - Interese por | <ul style="list-style-type: none"> - Predición e dedución dos contidos dos documentos presentados. - Utilización de estratexias de comunicación. - Estratexias para iniciar, manter e finalizar una conversa telefónica. - Utilización de estratexias de autocorrección. - Solicitude de aclaración e de repetición. - Activación de estratexias de lectura en función da tipoloxía | <ul style="list-style-type: none"> - Comprender a información xeral e específica. - Discriminar os datos relevantes - Interpretar a información recollida na páxina web e na conversa telefónica. - Solicitar e ofrecer información. - Pedir confirmación. - Expresar necesidades e desexos. - Pedir e ofrecer consellos e recomendacións - Iniciar, manter e pechar o discurso. |

| | | | |
|-----------------|---|---|---|
| | coñecer e adoptar estes usos e costumes. - Respecto da opinión e da cultura alleas. | dos textos. | |
| | IV. Discursivos | V. Sintácticos | VI. Léxicos |
| | - Documentos oficiais e comerciais. - Anuncios publicitarios e por palabras. - Instrucións e indicacións. - Conversas formais e informais. - Debates. | - Comparación. - Pronome átono e tónico. - Uso do indicativo e do subxuntivo. - Oracións impersoais. - Uso dos conectores máis usuais (causa, finalidade, interrogación, adversativas, explicativas). | - Actividades económicas e comerciais. - Identificación persoal. - Tempo libre e de lecer. - Viaxes e transportes. |
| | VII. Fonético- fonolóxicos e ortotipográficos | | |
| | - Adecuación da entoación para acadar as intención comunicativas. - Reforzo e práctica dos sons que presentan maior dificultade. - Recoñecemento e uso das formas ortotipográficas específicas. - Uso especial de maiúsculas, minúsculas e abreviaturas. | | |
| Temporalización | Relacionaranse as actividades previstas para a consecución dos obxectivos da unidade, a duración estimada para cada unha delas e a súa secuenciación. O deseño e a planificación das actividades que se propoñan serán adaptados de acordo coa diversidade da aula. | | |
| Avaliación | Identifica e comprende a maior parte do contido de conversas que xorden habitualmente no contexto da reserva dun cuarto. | É quen de comprender a información suficiente para reservar un cuarto nunha conversa telefónica, aínda que teña que pedir aclaracións. | Mínimos esixibles |
| | Comprende e segue instrucións que lle permiten realizar con éxito unha reserva. | Identifica algúns detalles do seu interese que son relevantes para a reserva do cuarto. | |
| | Comprende e identifica palabras e ideas clave proporcionadas tanto polo texto como polas imaxes que o acompañan. | Comprende a maioría da información e instrucións contidas na páxina web dun hotel coa axuda do soporte visual para reservar. | |
| | Interactúa utilizando fórmulas simples en conversas do ámbito turístico. | Saúda, formula preguntas e despídese adecuadamente. | |
| | Inicia, mantén e pecha unha conversa telefónica coa axuda da persoa interlocutora para solicitar información (prezo, data, | É quen de entender nunha conversa telefónica a dispoñibilidade, o tipo e o prezo dun cuarto. | |

| | | | |
|--|--|--|--|
| | localización, tipo de cuarto...) | | |
| | Interactúa de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados e resolve situación comunicativas previsibles na reserva dun cuarto. | É quen de presentarse e facer polo menos unha petición (solicitar o almorzo no cuarto, pedir unha almofada extra...) | |
| | Transmítelles ás persoas destinatarias información necesaria que considera importante, coa axuda de notas breves. | É quen de informar oralmente e por escrito a terceiras persoas sobre a situación do hotel, o tipo de cuarto e prezo. | |
| | Enche impresos e formularios nos que se require información persoal co fin de reservar un cuarto. | É quen de encher os campos obrigatorios dun impreso ou formulario. | |